

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*DECRETO 86/2016, do 4 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que son da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o Regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme a alínea primeira do seu artigo 81, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas.

No artigo 10, alíneas 1 e 2, da devandita lei establécese que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149.1, 30ª e 7ª da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cuxos contidos poderán ampliar as administracións educativas no ámbito das súas competencias.

No artigo 8.1 establécese, así mesmo, que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e serán expedidos polas administracións competentes.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no capítulo V do seu título I os principios xerais da formación profesional inicial e dispón no artigo 39.6 que o Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.



A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e a Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, introduciron modificacións na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no marco legal das ensinanzas de formación profesional, que pretenderon, entre outros aspectos, adecuar a oferta formativa ás demandas dos sectores produtivos.

Pola súa vez, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, en aspectos que atinxen ao procedemento de acceso e admisión ás ensinanzas de formación profesional, e tamén desde estas ensinanzas aos estudos universitarios de grao.

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, tomando como base o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.

No seu artigo 8 establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina nos seus capítulos III e IV, dedicados ao currículo e á organización das ensinanzas, a estrutura que deben seguir os currículos e os módulos profesionais dos ciclos formativos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Publicado o Real decreto 769/2014, do 12 de setembro, polo que se establece o título de técnico superior en Hixiene Bucodental e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2.c), correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.



Para estes efectos, e de acordo co establecido no citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, determínanse a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a prospectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo para cada módulo profesional no que se refire a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para os efectos de docencia.

Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as modalidades e as materias de bacharelato que facilitan a conexión co ciclo formativo, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que proporcionarán o soporte de información e destreza preciso para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de Formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos, que non terán carácter laboral, en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

O módulo de Proxecto que se inclúe no ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.



A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de Formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

De acordo co artigo 10 do citado Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultados o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día catro de maio de dous mil dezaseis,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I Disposicións xerais

### Artigo 1. *Obxecto*

O presente decreto ten por obxecto establecer o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental, establecido polo Real decreto 769/2014, do 12 de setembro.

## CAPÍTULO II Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e prospectiva do título no sector ou nos sectores

### Artigo 2. *Identificación*

O título de técnico superior en Hixiene Bucodental identifícase polos seguintes elementos:

– Denominación: Hixiene Bucodental.



- Nivel: formación profesional de grao superior.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: Sanidade.
- Referente europeo: CINE-5b (Clasificación internacional normalizada da educación).
- Nivel do Marco español de cualificacións para a educación superior: nivel 1; técnico superior.

### Artigo 3. *Perfil profesional do título*

O perfil profesional do título de técnico superior en Hixiene Bucodental determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título.

### Artigo 4. *Competencia xeral*

A competencia xeral do título de técnico superior en Hixiene Bucodental consiste en promover a saúde bucodental das persoas e da comunidade, mediante o desenvolvemento de actividades preventivas e técnico-asistenciais que inclúen a exploración, a avaliación, a promoción e a realización de técnicas odontolóxicas en colaboración co/coa odontólogo/a ou co/coa médico/a estomatólogo/a. Como membro dun equipo de saúde bucodental realizará a súa actividade profesional con criterios de calidade, seguridade e óptimo aproveitamento dos recursos.

### Artigo 5. *Competencias profesionais, persoais e sociais*

As competencias profesionais, persoais e sociais do título de técnico superior en Hixiene Bucodental son as que se relacionan:

- a) Xestionar os ficheiros de pacientes dun gabinete dental para dar resposta ás necesidades de atención requiridas por estes/as.
- b) Previr riscos e optimizar recursos, colaborando na programación de actividades da unidade de saúde bucodental.



c) Xestionar a adquisición, a reposición e o almacenamento de materiais funxibles, recambios, equipamentos e instrumental.

d) Asegurar a operatividade das instalacións e dos equipamentos do gabinete, aplicando procedementos e protocolos de calidade establecidos.

e) Obter e rexistrar datos de saúde e doenza da cavidade bucodental mediante inspección e exploración.

f) Aplicar técnicas preventivas e asistenciais segundo protocolos establecidos.

g) Colaborar na obtención de radiografías dentais e técnicas radiolóxicas cumprindo as normas e os criterios de radioprotección.

h) Planificar e desenvolver as actuacións necesarias para aplicar un programa de seguimento epidemiolóxico a grupos de poboación.

i) Deseñar e pór en práctica actividades de educación sanitaria para fomentar a saúde bucodental das persoas e da comunidade.

j) Apoiar psicoloxicamente pacientes e persoas usuarias, para facilitar a realización dos tratamentos bucodentais.

k) Aplicar técnicas de apoio ou soporte en tratamentos odontolóxicos dentro do equipo de saúde bucodental, para facilitar a prestación de servizos.

l) Prestar soporte vital básico en situacións de emerxencias, segundo o protocolo establecido.

m) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

n) Organizar e coordinar equipos de traballo no ámbito das súas competencias, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas e asumindo o seu liderado.

ñ) Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou os coñecemen-



tos adecuados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

o) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo, e comunicar esas incidencias, cando cumpra, ao/á odontólogo/a e aos demais membros do equipo.

p) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

q) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, consonte o establecido pola normativa e polos obxectivos da empresa.

r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.

s) Exercer os seus dereitos e cumprir a súas obrigas derivadas da súa actividade profesional, consonte o establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

t) Comprender e incorporar á súa actividade profesional os principios éticos e legais aplicables á atención á saúde e ao uso eficiente dos recursos dispoñibles.

*Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título*

Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

Hixiene bucodental, SAN489\_3 (Real decreto 140/2011, do 4 de febreiro, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional de Sanidade), que abranque as seguintes unidades de competencia:

UC1591\_3: xestionar a área de traballo nun gabinete bucodental.

UC1592\_3: identificar as características anatómicas, fisiolóxicas e patolóxicas do aparello estomatognático para a súa valoración e o seu rexistro.





UC1593\_3: explorar o estado de saúde bucodental de pacientes e persoas usuarias dos servizos de saúde, con fins epidemiolóxicos, e intervir mediante actuacións directas.

UC1594\_3: avaliar a saúde bucodental das persoas e da comunidade, mediante actividades de vixilancia epidemiolóxica.

UC1595\_3: fomentar a saúde bucodental das persoas e da comunidade, mediante actividades de educación sanitaria e promoción da saúde.

UC1596\_3: realizar as técnicas odontolóxicas propias, delegadas ou de axuda dentro do equipo de saúde bucodental.

#### Artigo 7. *Contorno profesional*

1. As persoas que obteñen o título de técnico superior en Hixiene Bucodental exercen a súa actividade profesional no sector sanitario público e no privado, na área de atención sanitaria e promoción da saúde e forma parte de equipos estruturados de saúde bucodental, de equipos de atención primaria, nas unidades de promoción da saúde, e en consultas ou gabinetes dentais privados. Poden integrarse nun equipo de prevención e atención sanitaria, coordinado por un/unha facultativo/a. Desenvolven funcións de organización e xestión na unidade ou no gabinete dental de traballo, prestan servizos asistenciais e preventivos á comunidade e controlan a súa calidade a través de actividades de vixilancia epidemiolóxica e de educación sanitaria. A súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración competente.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a superior en hixiene bucodental.
- Técnico/a especialista hixienista dental.
- Hixienista bucodental.
- Educador/ora en saúde bucodental.

#### Artigo 8. *Prospectiva do título no sector ou nos sectores*

1. A carie dental é unha das doenzas máis prevalecente no mundo e a alteración bucodental máis habitual, xunto coas aftas bucais e a doenza periodontal. Na opinión dos/das





expertos/as, as doenzas bucodentais descendem canto mellores son os hábitos de hixiene e prevención e, deste xeito, nos últimos anos a súa frecuencia está a diminuír grazas aos programas de saúde oral, a unha maior atención dental e á utilización do flúor. No que se refire aos países máis desenvolvidos, a OMS indica que a carie afecta entre o 60 % e o 90 % da poboación escolar e a maioría das persoas adultas.

2. Os programas de saúde bucodental salientan a necesidade de abordar factores de risco modificables, como son os hábitos de hixiene, o consumo de azucres e o tabaquismo, e este é un dos retos máis importantes nos próximos anos para estes/as profesionais. Como membros de equipos multidisciplinares de saúde pública deberán recoller datos acerca do estado da cavidade bucodental, para a súa utilización clínica ou epidemiolóxica, potenciar a educación sanitaria de xeito individual ou colectiva, difundir as recomendacións sanitarias sobre dieta e saúde bucodental, e insistir no ensino da hixiene e da prevención de procesos patolóxicos.

3. En España, a saúde bucodental infantil ten hoxe unha cobertura mellorable e, sobre todo, ten unha oferta desigual entre territorios, malia os avances e os esforzos realizados polos servizos de saúde das comunidades autónomas que, mediante o desenvolvemento e a aplicación de programas específicos orientados a mellorar a situación, están a conseguir incrementar a cobertura dos servizos de saúde bucodental na poboación infantil, o que se está a traducir en melloras notables dos indicadores de saúde dental. Estes datos sinalan a importancia e o futuro destes/as profesionais como educadores/as sanitarios/as.

4. Os avances no ámbito técnico-asistencial exigen profesionais formados/as para colaborar co equipo multidisciplinar no tratamento e no seguimento do/a paciente ou usuario/a. Algunhas das actuacións máis salientables son a aplicación de fluoruros tópicos nas súas distintas formas, de acordo coa política de fluoración de cada comunidade autónoma e das necesidades individuais, a colocación e a retirada de fíos retractores, a seladura de fisuras con técnicas non invasivas, o puído de obturacións eliminando os eventuais excesos nelas, a colocación e a retirada do dique de goma, a realización de tartrectomías cando se detecten cálculos e a eliminación de tinguiduras extrínsecas mediante puído dentario.

5. Por último, constátase unha tendencia ao aumento da demanda da atención bucodental motivada polo descenso da perda de pezas dentais, pola diminución da produción e a secreción de saliva que aparece no avellentamento e polo incremento na inxestión de determinados medicamentos, como tranquilizantes, ansiolíticos, antidepressivos ou antihistamínicos, que producen sequidade de boca. Existen, ademais, factores de risco de



carie e periodontite na poboación, que requiren un tratamento do/da paciente periodontal multidisciplinar. O/a hixienista actuará en labores de apoio e soporte das técnicas odontolóxicas, na realización de tartrectomías e na instrución das técnicas de profilaxe bucodental. Actualmente, a OMS calcula que estes tratamentos representan entre o 5 % e o 10 % do gasto sanitario dos países industrializados e está por riba dos recursos de moitos países en desenvolvemento.

### CAPÍTULO III

#### Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos de contexto

##### Artigo 9. *Obxectivos xerais*

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental son os seguintes:

- a) Analizar sistemas de xestión e manexar programas informáticos para xestionar ficheiros de pacientes.
- b) Seleccionar procedementos preventivos e asistenciais de atención bucodental mediante a interpretación de documentos e normativa, para previr riscos e aproveitar convenientemente os recursos.
- c) Aplicar técnicas de compra e de xestión de almacén de equipamentos e materiais para xestionar a súa adquisición e o seu almacenamento.
- d) Interpretar o plan de mantemento segundo protocolos de calidade establecidos, para asegurar a operatividade de instalacións e equipamentos.
- e) Aplicar procedementos de exploración e avaliación, interpretando os protocolos para recoñecer signos de patoloxía bucodental.
- f) Recoñecer as características anatomofisiolóxicas e patolóxicas da persoa usuaria, analizando resultados de exploracións e probas para programar e adaptar procedementos.
- g) Seleccionar procedementos de traballo e protocolos segundo as necesidades do/da paciente, para aplicar técnicas preventivas.
- h) Aplicar técnicas de diagnóstico pola imaxe para obter radiografías dentais.



i) Definir actividades, medios e secuencia de execución relativos a un programa e grupo de poboación determinado, para planificar e desenvolver as actuacións necesarias.

j) Identificar as características do/da paciente e aplicar técnicas de apoio aos tratamentos bucodentais, para realizar apoio psicolóxico á persoa usuaria.

k) Prever actuacións e seleccionar procedementos alternativos ao desenvolvemento dunha actividade profesional, para resolver imprevistos.

l) Identificar técnicas de primeiros auxilios segundo os protocolos de actuación establecidos, para prestar atención básica inicial en situacións de emerxencia.

m) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe que se relacionan coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.

n) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.

ñ) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.

o) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.

p) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.

q) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e propor e aplicar medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.

r) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.



s) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade, e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

t) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

u) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

v) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, transexual, transxénero e intersexual.

#### Artigo 10. *Módulos profesionais*

Os módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental, que se desenvolven no anexo I, son os que se relacionan:

MP0020. Primeiros auxilios.

MP0730. Recepción e loxística na clínica dental.

MP0731. Estudo da cavidade oral.

MP0732. Exploración da cavidade oral.

MP0733. Intervención bucodental.

MP0734. Epidemioloxía en saúde oral.

MP0735. Educación para a saúde oral.

MP0736. Conservadora, periodoncia, cirurxía e implantes.



MP0737. Prótese e ortodoncia.

MP0738. Proxecto de hixiene bucodental.

MP0739. Formación e orientación laboral.

MP0740. Empresa e iniciativa emprendedora.

MP0741. Formación en centros de traballo.

MP1370. Fisiopatoloxía xeral.

#### Artigo 11. *Espazos e equipamentos*

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental son os establecidos no anexo II.

2. Os espazos formativos establecidos respectarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo e cantas outras normas sexan de aplicación.

3. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.

4. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.

5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas, e serán os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe.

6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que exixan as máquinas en funcionamento.



## Artigo 12. *Profesorado*

1. A docencia dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticos e catedráticas de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo III A).

2. As titulacións requiridas para acceder aos corpos docentes citados son, con carácter xeral, as establecidas no artigo 13 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei. As titulacións equivalentes ás anteriores para os efectos de docencia, para as especialidades do profesorado, son as recollidas no anexo III B).

3. O profesorado especialista terá atribuída a competencia docente dos módulos profesionais especificados no anexo III A).

4. O profesorado especialista deberá cumprir os requisitos xerais exixidos para o ingreso na función pública docente establecidos no artigo 12 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei.

5. Ademais, co fin de garantir que responda ás necesidades dos procesos involucrados no módulo profesional, cómpre que o profesorado especialista acredite no comezo de cada nomeamento unha experiencia profesional recoñecida no campo laboral correspondente, debidamente actualizada, con polo menos dous anos de exercicio profesional nos catro anos inmediatamente anteriores ao nomeamento.

6. As titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras administracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración educativa, concrétnanse no anexo III C).

7. As titulacións habilitantes para os efectos de docencia para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras admi-



nistracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración educativa, concréntanse no anexo III D).

A consellería con competencias en materia de educación establecerá un procedemento de habilitación para exercer a docencia, en que se exixirá o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

a) Que as ensinanzas conducentes ás titulacións citadas engloben os obxectivos dos módulos profesionais.

b) Se os devanditos obxectivos non están incluídos, ademais da titulación deberá acreditarse mediante certificación unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos no sector vinculado á familia profesional, realizando actividades produtivas en empresas relacionadas implicitamente cos resultados de aprendizaxe.

#### CAPÍTULO IV

#### **Accesos e vinculación a outros estudos, e correspondencia de módulos profesionais coas unidades de competencia**

*Artigo 13. Preferencias para o acceso ao ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental, en relación coas modalidades e as materias de bacharelato cursadas*

Terá preferencia para acceder ao ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental o alumnado que cursase a modalidade de bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.

*Artigo 14. Acceso e vinculación a outros estudos*

1. O título de técnico superior en Hixiene Bucodental permite o acceso directo para cursar calquera outro ciclo formativo de grao superior, nas condicións de admisión que se establezan.

2. O título de técnico superior en Hixiene Bucodental permite o acceso directo ás ensinanzas conducentes aos títulos universitarios de grao, logo da superación do procedemento de admisión que se estableza.

3. Para os efectos das validacións entre o título de técnico superior en Hixiene Bucodental e as ensinanzas universitarias de grao, a asignación de créditos entre todos os módulos profesionais deste ciclo formativo é de 120 créditos ECTS, de conformidade co establecido no artigo 14 do Real decreto 769/2014, do 12 de setembro.





### Artigo 15. *Validacións e exencións*

1. As validacións entre os módulos profesionais dos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os módulos profesionais do título de técnico superior en Hixiene Bucodental establécense no anexo IV.

2. As persoas que tivesen superado o módulo profesional de Formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de Empresa e iniciativa emprendedora, en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terán validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. As persoas que obtivesen a acreditación de todas as unidades de competencia incluídas no título, mediante o procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, poderán validar o módulo de Formación e orientación laboral sempre que:

a) Acrediten, polo menos, un ano de experiencia laboral.

b) Estean en posesión da acreditación da formación establecida para o desempeño das funcións de nivel básico da actividade preventiva, expedida de acordo co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 39 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de Formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia relacionada co ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental, nos termos previstos no devandito artigo.

### Artigo 16. *Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención*

1. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais que forman as ensinanzas do título de técnico superior en Hixiene Bucodental para a súa validación ou exención queda determinada no anexo V A).



2. A correspondencia dos módulos profesionais que forman as ensinanzas do título de técnico superior en Hixiene Bucodental coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada no anexo V B).

## CAPÍTULO V Organización da impartición

### Artigo 17. *Distribución horaria*

Os módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental organizaranse polo réxime ordinario segundo se establece no anexo VI.

### Artigo 18. *Unidades formativas*

1. Consonte o artigo 10 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo de Galicia, e coa finalidade de promover a formación ao longo da vida e servir de referente para a súa impartición, establécese no anexo VII a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

2. A consellería con competencias en materia de educación determinará os efectos académicos da división dos módulos profesionais en unidades formativas.

### Artigo 19. *Módulo de Proxecto*

1. O módulo de Proxecto incluído no currículo do ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordasen no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial. Organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva. A atribución docente corresponderá ao profesorado que imparta docencia en módulos asociados ás unidades de competencia do ciclo formativo correspondente, preferiblemente nos de segundo curso.

2. Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de Formación en centros de traballo, e avaliarase logo de cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.



Disposición adicional primeira. *Oferta nas modalidades semipresencial e a distancia do título de técnico superior en Hixiene Bucodental*

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental nas modalidades semipresencial ou a distancia, que se ofrecerán unicamente polo réxime para as persoas adultas, requirirá a autorización previa da consellería con competencias en materia de educación, conforme o procedemento que se estableza, e garantirá que o alumnado poida conseguir os resultados de aprendizaxe destes, de acordo co disposto neste decreto.

Disposición adicional segunda. *Titulacións equivalentes e vinculación coas capacitacións profesionais*

1. Os títulos que se relacionan a continuación terán os mesmos efectos profesionais e académicos que o título de técnico superior en Hixiene Bucodental, establecido no Real decreto 769/2014, do 12 de setembro, cuxo currículo para Galicia se desenvolve neste decreto:

– Título de técnico especialista Hixienista Dental, rama sanitaria, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

– Título de técnico superior en Hixiene Bucodental establecido polo Real decreto 537/1995, do 7 de abril, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 201/2005, do 9 de xuño.

2. A formación establecida neste decreto no módulo profesional de Formación e orientación laboral capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Disposición adicional terceira. *Regulación do exercicio da profesión*

1. Os elementos recollidos neste decreto non constitúen regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

2. Así mesmo, as equivalencias de titulacións académicas establecidas no punto 1 da disposición adicional segunda entenderanse sen prexuízo do cumprimento das disposicións que habilitan para o exercicio das profesións reguladas.



Disposición adicional cuarta. *Accesibilidade universal nas ensinanzas do título de técnico superior en Hixiene Bucodental*

1. A consellería con competencias en materia de educación garantizará que o alumnado poida acceder e cursar o ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental nas condicións establecidas na disposición derradeira segunda do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido neste decreto deberán ter en conta o principio de «deseño universal». Para tal efecto, deberán recoller as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

3. En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Disposición adicional quinta. *Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto*

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de Hixiene Bucodental exixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados neste decreto.

Disposición adicional sexta. *Desenvolvemento do currículo*

1. O currículo establecido neste decreto será obxecto dun posterior desenvolvemento a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional, consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ás características do contorno socioproductivo, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

2. Os centros educativos desenvolverán este currículo de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



Disposición transitoria única. *Centros privados con autorización para impartir o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental, ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro*

A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 201/2005, do 9 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental, entenderase referida ás ensinanzas reguladas neste decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o Decreto 201/2005, do 9 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental, e todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto, sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira primeira. *Implantación das ensinanzas recollidas neste decreto*

1. No curso 2015/16 implantarase o primeiro curso das ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime ordinario e deixará de impartirse o primeiro curso das ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 201/2005, do 9 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental.

2. No curso 2016/17 implantarase o segundo curso das ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime ordinario e deixará de impartirse o segundo curso das ensinanzas a que se fai referencia no Decreto 201/2005, do 9 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental.

3. No curso 2015/16 implantaranse as ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime para as persoas adultas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

1. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido neste decreto.



2. Autorízase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para modificar o anexo II B), relativo a equipamentos, cando por razóns de obsolescencia ou actualización tecnolóxica así se xustifique.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de maio de dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

1. Anexo I. Módulos profesionais.

1.1. Módulo profesional: Primeiros auxilios.

- Equivalencia en créditos ECTS: 3.
- Código: MP0020.
- Duración: 53 horas.

1.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.

– CA1.1. Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.

– CA1.2. Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas acidentadas.

– CA1.3. Describiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias e as indicacións dos produtos e dos medicamentos.



- CA1.4. Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
- CA1.5. Describíronse os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
- CA1.6. Identificáronse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da oxixenación.
- CA1.7. Describíronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorragia.
- CA1.8. Describíronse procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
- CA1.9. Tomáronse as constantes vitais.
- CA1.10. Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo Comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
  - RA2. Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.
    - CA2.1. Describíronse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.
    - CA2.2. Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.
    - CA2.3. Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.
    - CA2.4. Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DEA).
    - CA2.5. Aplicáronse medidas posreanimación.
    - CA2.6. Indicáronse as lesións, as patoloxías o os traumatismos máis frecuentes.
    - CA2.7. Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.
    - CA2.8. Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
    - CA2.9. Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.





- CA2.10. Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.
- RA3. Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas e selecciona os medios materiais e as técnicas.
  - CA3.1. Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.
  - CA3.2. Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.
  - CA3.3. Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.
  - CA3.4. Describíronse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.
  - CA3.5. Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna.
  - CA3.6. Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.
- RA4. Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.
  - CA4.1. Describíronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.
  - CA4.2. Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
  - CA4.3. Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
  - CA4.4. Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
  - CA4.5. Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.
  - CA4.6. Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.



– CA4.7. Especificáronse as técnicas para superar psicoloxicamente o fracaso na prestación do auxilio.

– CA4.8. Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.

1.1.2. Contidos básicos.

BC1. Valoración inicial da asistencia en urxencia.

- Sistemas de emerxencias.
- Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
- Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
- Tipos de accidentes e as súas consecuencias.
- Signos de compromiso vital en persoas adultas, en nenos e nenas e en lactantes.
- Métodos e materiais de protección da zona.
- Medidas de autoprotección.
- Caixa de primeiros auxilios.
- Prioridades de actuación en múltiples vítimas. Métodos de triaxe simple.
- Signos e síntomas de urxencia.
- Valoración do nivel de consciencia.
- Toma de constantes vitais.
- Protocolos de exploración.
- Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.
- Protocolo de transmisión da información.



BC2. Aplicación de técnicas de soporte vital.

- Control da permeabilidade das vías aéreas.
- Reanimación cardiopulmonar básica.
- Desfibrilación externa semiautomática (DEA).
- Valoración da persoa accidentada.
- Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
- Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
- Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.
- Actuación limitada ao marco das súas competencias.

BC3. Aplicación de procedementos de inmovilización e mobilización.

- Avaliación da necesidade de traslado.
- Posicións de seguridade e espera.
- Técnicas de inmovilización.
- Técnicas de mobilización.
- Confección de padiolas e materiais de inmovilización.

BC4. Aplicación de técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol.

- Estratexias básicas de comunicación.
- Valoración do papel do/da primeiro/a interviniente.
- Técnicas facilitadoras da comunicación interpersonal.
- Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.



### 1.1.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de prevención e seguridade.

Esta función abrangue aspectos como aplicación de primeiros auxilios e xeración de ámbitos seguros.

As aprendizaxes realizadas neste módulo son de aplicación nos seguintes sectores:

- Centros asistenciais sanitarios.
- Centros asistenciais ás persoas en situación de dependencia.
- Clínicas dentais.
- Outros establecementos sanitarios.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais j), k), l), o), p) e s) do ciclo formativo e as competencias j), k), l), ñ), o), q) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Recoñecemento de signos e síntomas de urxencia.
- Selección das técnicas de primeiros auxilios segundo os requisitos.
- Aplicación de técnicas de soporte vital e primeiros auxilios.
- Utilización da terminoloxía adecuada para transmitir información.
- Aplicación de estratexias de comunicación axeitadas para o apoio psicolóxico a persoas accidentadas e acompañantes.

### 1.2. Módulo profesional: Recepción e loxística na clínica dental.

- Equivalencia en créditos ECTS: 7.
- Código: MP0730.



- Duración: 80 horas.

#### 1.2.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Organiza as actividades da clínica e a unidade de saúde bucodental, analizando a carga de traballo.

- CA1.1. Descríbóronse os tipos de servizos clínicos e profesionais para a asistencia dental.

- CA1.2. Organizouse o traballo tendo en conta a asistencia prevista, os medios, os recursos e as necesidades do equipo de traballo.

- CA1.3. Preparáronse as instalacións, os espazos e os equipamentos para iniciar a actividade no servizo ou clínica dental.

- CA1.4. Introduciuse correctamente a información propia da actividade diaria nas bases informáticas segundo criterios predefinidos.

- CA1.5. Rexistrouse documentalmente a actividade clínica e de xestión do servizo ou do gabinete dental.

- CA1.6. Realizáronse actividades de finalización como o apagamento de equipamentos, a preparación da xornada seguinte ou o pechamento de instalacións.

- CA1.7. Xestionouse o tratamento e a eliminación adecuada de residuos de diversos tipos.

- CA1.8. Valorouse a orde e a meticulosidade no desenvolvemento do traballo.

- RA2. Aplica procesos para a recepción de pacientes, tendo en conta a relación entre as súas demandas e o servizo que se vaia prestar.

- CA2.1. Relacionáronse cos recursos humanos as fases e as operacións do proceso de atención e prestación do servizo.

- CA2.2. Identificáronse os factores que determinan a calidade de atención e prestación do servizo.



- CA2.3. Determinouse o proceso de preparación do/da paciente para a prestación do servizo.
- CA2.4. Aplicáronse técnicas para recibir pacientes e outras persoas na recepción do servizo ou da clínica dental.
- CA2.5. Aplicáronse procedementos para a citación de pacientes segundo o protocolo establecido.
- CA2.6. Realizáronse actividades propias da recepción dunha clínica dental, como xestión do correo ou paquetes e atención telefónica.
- CA2.7. Déuselles información ás persoas de xeito claro, correcto e adaptado a cada caso.
- CA2.8. Detalláronse as características dos orzamentos e da factura.
- CA2.9. Determináronse as modalidades de facturación.
- CA2.10. Aplicáronse técnicas para o cobramento e o pagamento de servizos.
- CA2.11. Desenvolvéronse as estratexias de márketing para o mantemento e captación de posibles clientes/as ou persoas usuarias.
- CA2.12. Amosouse actitude de respecto cara aos/ás pacientes e ao equipo de traballo.
- RA3. Xestiona ficheiros de pacientes manexando aplicacións informáticas.
  - CA3.1. Identificáronse as características e as aplicacións de bases de datos de clínicas dentais.
  - CA3.2. Rexistráronse datos de pacientes e entidades en aplicacións informáticas.
  - CA3.3. Manexáronse bases de datos para a obtención de produtos como listaxes ou resumos de actividades.
  - CA3.4. Actualizáronse bases de datos.



- CA3.5. Realizáronse copias de seguridade segundo as frecuencias establecidas nos protocolos.
- CA3.6. Verificouse o respecto pola normativa na utilización das bases de datos.
- CA3.7. Aplicouse a lexislación e a normativa sobre protección de datos.
- RA4. Xestiona a documentación clínica e identifica os documentos en función das necesidades e do tipo de servizo clínico implicado.
  - CA4.1. Identificáronse as características dos documentos de clínicas e servizos dentais da rede pública e privada.
  - CA4.2. Clasificáronse documentos en función das actividades que se vaian realizar.
  - CA4.3. Formalizáronse documentos seguindo os protocolos establecidos.
  - CA4.4. Rexistráronse datos na historia clínica.
  - CA4.5. Elaboráronse informes de tratamentos realizados.
  - CA4.6. Utilizouse o consentimento informado, nos casos en que proceda.
  - CA4.7. Aplicáronse técnicas de tramitación de documentos.
  - CA4.8. Arquiváronse e custodiáronse documentos seguindo as normas establecidas.
  - CA4.9. Cumpriuse a normativa legal durante o proceso de confección e utilización da documentación.
  - CA4.10. Respectouse a confidencialidade dos datos durante o uso dos documentos.
  - CA4.11. Identificáronse os indicadores necesarios que responden ao sistema de calidade.





• RA5. Realiza a preparación e posta en marcha de equipamentos e identifica as súas condicións de utilización.

– CA5.1. Identificáronse os principais elementos de cada equipamento.

– CA5.2. Interpretáronse as instrucións e as fichas de seguridade dos equipamentos para manter as súas condicións de uso.

– CA5.3. Identificáronse as funcións e as condicións de uso dos equipamentos e da maquinaria.

– CA5.4. Desenvolvéronse protocolos de posta en marcha e apagamento de equipamentos e maquinaria.

– CA5.5. Programáronse as actividades de limpeza e desinfección.

– CA5.6. Distribuíuse o instrumental e o material esterilizado.

– CA5.7. Cumpriuse o plan de revisións de equipamentos para os manter operativos.

• RA6. Organiza a adquisición e o almacenamento de material e instrumental, aplicando técnicas de xestión.

– CA6.1. Descríronse os procesos da compravenda e almacenamento de produtos.

– CA6.2. Identificáronse as características e as condicións de almacenamento do instrumental, dos produtos e dos materiais propios dunha clínica dental.

– CA6.3. Realizouse o control de existencias en almacéns e áreas de traballo.

– CA6.4. Formuláronse pedidos de produtos e materiais segundo catálogos e pautas establecidas.

– CA6.5. Utilizáronse aplicacións informáticas para a xestión de produtos e materiais.

– CA6.6. Comprobáronse as cantidades e o estado do material e dos produtos durante a súa recepción.

– CA6.7. Distribuíronse e colocáronse o material e os produtos nos almacéns.



– CA6.8. Aplicáronse as condicións óptimas de utilización e conservación de produtos e materiais.

– CA6.9. Xestionouse a documentación correspondente á compra, á venda e ao almacenamento de produtos.

– CA6.10. Confeccionáronse fichas de almacén e inventarios de existencias.

• RA7. Aplica as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os prever.

– CA7.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, produtos, equipamentos e instrumental dunha clínica ou dun servizo de saúde bucodental.

– CA7.2. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que se deben adoptar na execución das actividades e en cada área do traballo na clínica dental.

– CA7.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, produtos, equipamentos e instrumental dunha clínica ou servizo de saúde bucodental.

– CA7.4. Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

– CA7.5. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.

– CA7.6. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.

1.2.2. Contidos básicos.

BC1. Organización das actividades na unidade ou clínica dental.

• Organización sanitaria para a asistencia dental.

• Equipamento de profesionais dunha clínica dental.



- Instalacións e dependencias dunha clínica dental.
- Xestión de residuos dunha clínica dental.
- Programación do traballo dunha unidade ou dun gabinete.
- Programas de xestión de clínica dental e bases de datos.

#### BC2. Aplicación de procesos para a recepción de pacientes.

• Procesos de atención a persoas na recepción da clínica ou servizo de saúde bucodental.

- Técnicas de comunicación.
- Procesos de atención das actividades propias da recepción dunha clínica dental.
- Citación de pacientes.
- Facturación de servizos.
- Estratexias de márketing relacionadas con clínicas e servizos de saúde bucodental.

#### BC3. Xestión de ficheiros de pacientes.

- Aplicacións informáticas para a xestión da clínica dental.
- Bases de datos: actualización e seguridade.
- Aplicacións informáticas para o manexo de datos de pacientes.
- Xestión de datos de pacientes.
- Lexislación e normativa sobre protección de datos.

#### BC4. Xestión da documentación clínica.

- Organización sanitaria.
- Documentos clínicos.



- Historia clínica. Epígrafes e documentos que abrangue.
  - Condicións de formalización.
  - Normativa.
  - Tipos de historias clínicas.
  - Outros documentos sanitarios.
- Documentación correspondente aos sistemas de xestión de calidade propios de clínicas dentais.
- Formalización e tramitación de documentos.
  - Consentimento informado.
  - Custodia de documentos.
  - Lexislación en materia de documentación, protección de datos e dereitos e obrigas.
  - Indicadores de calidade na xestión da documentación clínica.
- BC5. Realización da preparación e posta en marcha de equipamentos.
- Equipamento dunha clínica dental.
  - Control da limpeza, desinfección e esterilización.
  - Sistemas de distribución e reposición de instrumental en gabinetes.
  - Técnicas de mantemento de equipamentos.
- BC6. Organización da adquisición e do almacenamento de material e instrumental.
- Instrumental, produtos e materiais básicos nunha clínica dental.
  - Xestión de compras, de almacéns sanitarios, de existencias e de pedidos.
  - Aplicacións informáticas relacionadas coa xestión de produtos e materiais.



- Condicións de mantemento e distribución de produtos e materiais.
- Confección de fichas de almacén e inventarios.
- Riscos laborais e precaucións asociados ao uso e á manipulación de produtos.

BC7. Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

- Riscos persoais e ambientais en clínicas dentais. Identificación de riscos. Factores e situacións de risco. Factores físicos do contorno de traballo. Protección radiolóxica. Factores químicos do contorno de traballo. Factores biolóxicos. Protección biolóxica. Vacinacións. Factores psicosociais.

- Seguridade en clínicas dentais. Determinación de medidas de prevención de riscos laborais. Medidas de prevención e protección ante riscos. Medios e equipamentos de protección individual. Prevención e protección colectiva. Sinalización. Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos. Situacións de emerxencia propias dunha clínica dental. Sistemas de actuación. Caixas de urxencias. Normativa de prevención de riscos laborais en clínicas dentais. Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

- Xestión ambiental. Xestión de residuos. Clasificación e almacenamento. Tratamento e recollida de residuos. Normativa reguladora da xestión de residuos. Cumprimento da normativa de protección ambiental. Métodos e normas de orde e limpeza. Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.

### 1.2.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de organización das actividades na unidade ou clínica dental, a súa posta en marcha, a recepción das persoas usuarias e a xestión de materiais e equipamentos, así como o mantemento e a aplicación de normas de prevención de riscos.

A definición destas funcións abrangue aspectos como:

- Organización das actividades na unidade ou clínica dental.
- Procesos de recepción e atención de pacientes.



- Xestión de ficheiros de pacientes e de documentación clínica.
- Preparación e posta en marcha de equipamentos.
- Adquisición e almacenamento de material e instrumental.
- Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Programación de actividades e recepción de persoas usuarias en actividades de equipamentos de atención primaria.
- Programación da actividade diaria, preparación e recepción de persoas usuarias en unidades de hixiene bucodental de atención especializada.
- Programación da actividade, recepción de persoas usuarias e loxística de gabinetes de hixiene bucodental.
- Programación da actividade diaria, recepción de persoas usuarias e loxística en clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), n) e s) do ciclo formativo e as competencias a), b), c), d), e), m), n), o), r) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Descrición das características da unidade ou do gabinete bucodental.
- Recepción e información á persoa usuaria mediante técnicas de simulación ou psicodrama.
- Manexo de documentos, ficheiros e aplicacións informáticas específicas.
- Loxística dunha unidade dental e posta a punto de equipamentos.
- Descrición dos equipamentos interdisciplinares e do papel do/da hixienista.
- Elaboración de informes bucais.



– Aplicación de normas de prevención e protección ambiental.

1.3. Módulo profesional: Estudo da cavidade oral.

• Equivalencia en créditos ECTS: 12.

• Código: MP0731.

• Duración: 213 horas.

1.3.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Define a secuencia cronolóxica da formación e erupción dentaria, en relación coas fases do desenvolvemento embriolóxico.

– CA1.1. Diferenciáronse as fases do desenvolvemento embriolóxico humano.

– CA1.2. Identificáronse as estruturas embriolóxicas da cabeza e do pescozo.

– CA1.3. Identificáronse as características embriolóxicas dentarias.

– CA1.4. Secuenciouse cronoloxicamente a erupción dentaria.

– CA1.5. Caracterizouse a morfoloxía dos grupos dentarios.

– CA1.6. Describíronse os sistemas de nomenclatura dentaria na dentición caduca e definitiva.

– CA1.7. Identificouse a histoloxía das estruturas bucodentais.

– CA1.8. Aplicáronse técnicas de profilaxe para o mantemento da saúde bucodental.

– CA1.9. Clasificáronse as relacións oclusais e intermaxilares.

• RA2. Recoñece as estruturas anatómicas de cabeza e pescozo e describe as súas características morfolóxicas.

– CA2.1. Describíronse as estruturas óseas do cranio e da cara.



- CA2.2. Localizáronse os músculos craniofaciais relacionados coa mastigación, coa mímica e cos movementos mandibulares.
- CA2.3. Localizáronse os paquetes vasculonerviosos craniofaciais.
- CA2.4. Localizáronse os compoñentes do sistema linfático.
- CA2.5. Localizáronse as glándulas salivares e do pescozo.
- CA2.6. Describiuse a anatomía, a histoloxía e a fisioloxía da cavidade bucal.
- CA2.7. Describiuse a articulación temporomandibular.
- RA3. Valora o funcionamento do aparello estomatognático en relación coa súa fisioloxía.
  - CA3.1. Describíronse as principais estruturas implicadas na respiración.
  - CA3.2. Relacionáronse as estruturas bucodentais coa fonación.
  - CA3.3. Describiuse o proceso fisiolóxico da salivación e as estruturas orais implicadas.
  - CA3.4. Describiuse a dinámica mandibular.
  - CA3.5. Describíronse os procesos de mastigación, deglución e fonación.
  - CA3.6. Comprobase mediante exploración física o funcionamento do aparello estomatognático.
  - CA3.7. Clasificáronse as relacións oclusais e intermaxilares.
  - CA3.8. Realizáronse probas funcionais da secreción salivar.
- RA4. Caracteriza lesións cariosas, en relación cos factores etiopatoxénicos e clínicos.
  - CA4.1. Identificouse o proceso de formación e patoxenia da placa bacteriana e/ou biofilm.





- CA4.2. Describiuse a etiopatoxenia, a clínica e a evolución das lesións cariosas.
- CA4.3. Clasificouse a carie segundo os seus factores etiopatoxénicos.
- CA4.4. Clasificáronse as lesións cariosas segundo a súa situación.
- CA4.5. Definíronse as repercusións locais, rexionais e sistémicas da carie dental.
- CA4.6. Relacionouse a influencia da dieta na aparición de carie.
- CA4.7. Realizáronse probas específicas de determinación da susceptibilidade individual á carie.
- CA4.8. Describíronse as probas diagnósticas para a identificación da carie.
- CA4.9. Interpretáronse odontogramas e analizáronse os tipos de lesións cariosas.
- CA4.10. Enumeráronse as pautas de prevención e tratamento da carie.
- RA5. Recoñece a doenza periodontal (DP), en relación cos factores etiopatoxénicos e clínicos.
  - CA5.1. Identificáronse as estruturas anatómicas comprometidas no proceso clínico das xenxivites e da doenza periodontal.
  - CA5.2. Describiuse a etiopatoxenia, a clínica e a evolución das lesións en xenxivite e doenza periodontal.
  - CA5.3. Clasificáronse as xenxivites e a doenza periodontal segundo os seus factores etiopatoxénicos.
  - CA5.4. Clasificáronse as repercusións clínicas locais, rexionais e sistémicas da periodontite.
  - CA5.5. Identificáronse as características da periimplantite e mucosite periimplantaria.
  - CA5.6. Describíronse as probas diagnósticas para o recoñecemento da DP.



- CA5.7. Interpretáronse periodontogramas e analizáronse os graos de DP.
- CA5.8. Enumeráronse as pautas de prevención e tratamento da periodontite.
- RA6. Identifica alteracións propias da cavidade bucodental, en relación coas súas características patolóxicas.
  - CA6.1. Clasificáronse as lesións elementais macroscópicas e microscópicas da mucosa bucodental.
  - CA6.2. Identificáronse lesións nos tecidos dentarios.
  - CA6.3. Describíronse as neoformacións benignas bucodentais.
  - CA6.4. Clasificáronse as doenzas bacterianas, víricas e fúnxicas da cavidade bucal.
  - CA6.5. Describiuse a patoloxía dentaria preeruptiva e posteruptiva.
  - CA6.6. Enumeráronse os traumatismos dentais e esqueléticos.
  - CA6.7. Clasificáronse os tipos de maloclusión dental e as súas consecuencias clínicas.
  - CA6.8. Enumeráronse as manifestacións intraorais na exploración do cancro bucodental.
  - CA6.9. Describíronse as posibilidades preventivas e terapéuticas en cada caso.
  - CA6.10. Realizouse o rexistro documental das lesións orais.
- RA7. Identifica alteracións da cavidade bucodental en relación con patoloxía sistémica.
  - CA7.1. Identificáronse os datos significativos patolóxicos bucodentais e extraorais da anamnese da historia clínica.
  - CA7.2. Describíronse patoloxías sistémicas con repercusión directa no sistema estomatognático.
  - CA7.3. Relacionáronse signos e síntomas bucodentais coa afectación do estado xeral do/da paciente.



- CA7.4. Descríbóronse as lesións das mucosas bucodental e lingual e de tecidos brandos nas doenzas de orixe extraoral.
- CA7.5. Identificáronse lesións orais por axentes físicos, mecánicos, alérxicos e farmacolóxicos.
- CA7.6. Descríbóronse os principais fármacos de tratamento odontolóxico e os fármacos cuxos efectos secundarios comprometan a saúde bucodental.
- CA7.7. Relacionáronse signos e síntomas bucodentais vinculados ao avellentamento.
- RA8. Identifica factores de risco en pacientes especiais, en relación coa asistencia prestada.
- CA8.1. Descríbóronse as doenzas sistémicas que condicionarán o tratamento odontolóxico.
- CA8.2. Clasificáronse tratamentos dentais segundo o risco de sangrado e a súa repercusión en pacientes anticoagulados/as.
- CA8.3. Descríbiuse o correcto manexo do/da paciente anticoagulado/a en operatoria dental.
- CA8.4. Clasificáronse os procedementos dentais en que está indicada a profilaxe antibiótica de endocardite infecciosa.
- CA8.5. Deseñáronse protocolos de actuación odontolóxica en situacións especiais como embarazo, drogodependencia ou persoa encamada.
- CA8.6. Descríbóronse os tipos de discapacidades e as súas consideracións terapéuticas odontolóxicas.
- CA8.7. Deseñouse un plan de tratamento individualizado en función das condicións fisiolóxicas e patolóxicas do/da paciente.
- CA8.8. Descríbóronse as posibilidades preventivas e terapéuticas en cada caso.



### 1.3.2. Contidos básicos.

#### BC1. Identificación da formación e erupción dentaria.

- Fases do desenvolvemento embriolóxico.
- Estruturas embriolóxicas de cabeza e pescozo.
- Erupción dental caduca e definitiva.
- Morfoloxía dental, caduca e definitiva.
- Características morfolóxicas dos grupos dentarios.
- Características histolóxicas dos tecidos dentarios.
- Nomenclatura dental.
- Profilaxe bucodental.
- Oclusión dental.

#### BC2. Recoñecemento anatómico da rexión craniofacial.

- Osteoloxía de cranio e cara.
- Mioloxía craniofacial.
- Vascularización e inervación craniofacial.
- Irrigación linfática.
- Glándulas salivares e do pescozo.
- Articulacións craniais, faciais e ATM.
- Boca: anatomía, histoloxía e fisioloxía.



BC3. Valoración funcional do aparello estomatognático.

- Anatomía e fisioloxía da respiración, da fonación e da deglución.
- Salivación.
- Dinámica mandibular.
- Oclusión dental.
- Exploración funcional do aparello estomatognático.
- Probas funcionais de secreción salivar.

BC4. Recoñecemento de lesións cariosas.

- Biofilm. Placa bacteriana.
- Etiopatoxenia, clínica e evolución da carie.
- Clasificación das lesións cariosas.
- Influencia da carie a nivel local e sistémico.
- Nutrición e carie.
- Probas de susceptibilidade individual á carie.
- Diagnóstico, prevención e tratamento da carie.
- Odontogramas.

BC5. Recoñecemento da doenza periodontal.

- Anatomía e fisioloxía do periodonto.
- Xenxivite e periodontite.
- Clasificación da xenxivite e doenza periodontal (DP).



- Repercusión patóxena da DP a nivel local e sistémico.
- Mucosite e periimplantite.
- Prevención e tratamento da xenxivite e DP.
- Instrumental e equipamento na exploración e no tratamento de DP.
- Periodontogramas.

BC6. Identificación de lesións da cavidade bucodental en relación con características patolóxicas.

- Lesións elementais e histolóxicas dos tecidos bucodentais.
- Lesións benignas da cavidade oral.
- Principais doenzas infecciosas da cavidade bucal.
- Patoloxía dentaria preeruptiva e posteruptiva.
- Traumatismos dentais e maxilares.
- Maloclusión: tipos, diagnóstico e tratamento.
- Lesións orais producidas por axentes físicos, mecánicos, alérxicos e farmacolóxicos.
- Manifestacións clínicas no cancro oral.
- Prevención e tratamento das lesións bucodentais.

BC7. Identificación de alteracións da cavidade bucodental en relación con patoloxías sistémicas.

- Principais alteracións sistémicas con manifestacións bucodentais.
- Sintomatoloxía oral con afectación xeral.
- Doenzas extraorais con repercusión bucodental.



- Lesións secundarias do cancro oral.
- Farmacoloxía odontolóxica.
- Patoloxía oral relacionada co avellentamento.

BC8. Identificación de factores de risco en pacientes especiais.

- Principais doenzas que condicionarán o tratamento odontolóxico.
- Atencións odontolóxicas en pacientes con patoloxía sistémica.
- Paciente anticoagulado/a.
- Paciente con risco de sangrado.
- Profilaxe da endocardite infecciosa.
- Actuacións odontolóxicas específicas.
- Plan de tratamento en distintas discapacidades.
- Prevención e tratamento específicos de cada situación de pacientes especiais.

1.3.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de valoración e rexistro das características anatómicas, fisiolóxicas e patolóxicas da cavidade bucodental.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Identificación anatómica da rexión craniofacial e da formación e da erupción dentarias.
- Valoración funcional do aparello estomatognático.
- Recoñecemento de lesións cariosas e da doenza periodontal.



– Identificación de lesións da cavidade bucodental, de alteracións da cavidade bucodental relacionadas con patoloxías sistémicas e de factores de risco en pacientes especiais.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Atención primaria.
- Unidades de hixiene bucodental de atención especializada.
- Gabinetes de hixiene bucodental.
- Clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais e), f) e g) do ciclo formativo e as competencias e), f) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Recoñecemento das características anatómicas da rexión craniofacial e das pezas dentais.
- Realización de valoracións funcionais do aparello estomatognático.
- Recoñecemento de lesións cariosas e da doenza periodontal.
- Procesos para a identificación de lesións da cavidade bucodental.
- Relación das alteracións da cavidade bucodental con patoloxías sistémicas.
- Recoñecemento de factores de risco en pacientes especiais.

1.4. Módulo profesional: Exploración da cavidade oral.

- Equivalencia en créditos ECTS: 9.
- Código: MP0732.
- Duración: 134 horas.





#### 1.4.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Verifica o funcionamento do equipamento dental, describindo as características dos seus compoñentes.

- CA1.1. Identificáronse as partes do equipamento dental e os seus compoñentes.

- CA1.2. Determináronse as funcións do equipamento.

- CA1.3. Detalláronse e comprobáronse os movementos da cadeira.

- CA1.4. Montáronse e desmontáronse os elementos adaptables á cadeira.

- CA1.5. Adaptouse o instrumental rotatorio ao equipamento e comprobouse o seu funcionamento.

- CA1.6. Realizouse a limpeza e a desinfección do equipamento dental.

- CA1.7. Efectuouse o mantemento do sistema de aspiración do equipamento dental.

- CA1.8. Utilizáronse os desinfectantes de acordo cos seus protocolos de utilización.

- CA1.9. Cumpríuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.

- CA1.10. Cumpríronse os criterios de calidade en cada fase do proceso.

- RA2. Prepara o instrumental e o material do gabinete bucodental e selecciona técnicas de desinfección e esterilización.

- CA2.1. Enumeráronse as vías de entrada de microorganismos no organismo.

- CA2.2. Clasificáronse as medidas preventivas para evitar a infección.

- CA2.3. Definiuse a limpeza, a desinfección e a esterilización.

- CA2.4. Preparáronse os materiais de barreira utilizados nun gabinete dental.

- CA2.5. Realizouse a limpeza e a desinfección de superficies e instrumental.



- CA2.6. Utilizáronse os desinfectantes de acordo cos protocolos establecidos.
- CA2.7. Empregouse correctamente o sistema de limpeza por ultrasóns.
- CA2.8. Efectuáronse operacións de embolsamento.
- CA2.9. Esterilizouse o instrumental usado no gabinete segundo protocolos.
- CA2.10. Realizouse a limpeza, a desinfección e a esterilización do material rotatorio.
- CA2.11. Realizáronse os controis de esterilización.
- CA2.12. Valoráronse os resultados dos tests de control da esterilización.
- CA2.13. Cumpríronse os protocolos de calidade en cada fase do proceso.
- CA2.14. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
- RA3. Realiza a anamnese e a exploración da cavidade bucodental e identifica as súas características.
  - CA3.1. Definiuse a posición ergonómica do/da hixienista e do/da auxiliar, así como a colocación do/da paciente.
  - CA3.2. Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica.
    - CA3.3. Diferenciáronse os datos significativos da anamnese bucodental.
    - CA3.4. Describíronse as técnicas de exploración e identificouse o material necesario.
    - CA3.5. Aplicáronse técnicas de exploración facial, bucal, dental, oclusal e periodontal.
    - CA3.6. Utilizáronse diferentes nomenclaturas dentarias.
    - CA3.7. Efectuáronse diferentes odontogramas na exploración do/da paciente.



- CA3.8. Seguíronse os protocolos de actuación antes, durante e despois da exploración do/da paciente.
- CA3.9. Recoñecéronse os signos da exploración normal.
- CA3.10. Efectuouse o intercambio do material necesario.
- CA3.11. Obtivéronse imaxes para a historia clínica mediante fotografía dixital.
- CA3.12. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
- CA3.13. Mantívose unha actitude coidadosa nas fases do proceso.
- RA4. Aplica técnicas para a obtención de imaxes de radiodiagnóstico dental e selecciona parámetros radiolóxicos.
  - CA4.1. Definíronse os raios X, a súa interacción coa materia e a formación da imaxe radiolóxica.
  - CA4.2. Enumeráronse as características físicas dos equipamentos e feixes de raios X.
  - CA4.3. Tipificáronse as magnitudes, as medidas e os equipamentos de medida da radiación.
  - CA4.4. Colocouse o/a paciente segundo a técnica que se vaia utilizar.
  - CA4.5. Preparáronse os materiais e os equipamentos necesarios.
  - CA4.6. Seleccionouse a técnica para a obtención da imaxe.
  - CA4.7. Realizáronse técnicas de revelado de película radiográfica.
  - CA4.8. Realizouse o tratamento dixital da imaxe.
  - CA4.9. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.



• RA5. Aplica medidas de radioprotección e calidade do radiodiagnóstico dental, con interpretación da normativa específica.

– CA5.1. Identificáronse os efectos biolóxicos das radiacións ionizantes.

– CA5.2. Enumerouse a normativa, a lexislación e os requisitos técnico-administrativos en instalacións de radiodiagnóstico dental.

– CA5.3. Definiuse a protección radiolóxica básica.

– CA5.4. Aplicouse a protección radiolóxica básica.

– CA5.5. Clasificáronse as medidas de protección radiolóxica específica de radiodiagnóstico dental.

– CA5.6. Tivéronse en conta as medidas de protección nas simulacións relacionadas co radiodiagnóstico.

– CA5.7. Cubriuse a documentación segundo a normativa.

– CA5.8. Establecéronse os criterios de calidade en radiodiagnóstico.

– CA5.9. Interpretáronse os resultados do programa de garantía de calidade.

– CA5.10. Cumpriuse a normativa de protección de riscos e protección ambiental.

• RA6. Aplica as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental e identifica os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos para os previr.

– CA6.1. Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, produtos, equipamentos e instrumental dunha clínica ou dun servizo de saúde bucodental.

– CA6.2. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que se deben adoptar na execución das actividades e en cada área do traballo na clínica dental.



- CA6.3. Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, produtos, equipamentos e instrumental dunha clínica ou dun servizo de saúde bucodental.
- CA6.4. Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
- CA6.5. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
- CA6.6. Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.
- CA6.7. Cubriuse a documentación segundo a normativa.
- RA7. Identifica actitudes e estados emocionais en pacientes, aplicando principios básicos de psicoloxía xeral.
  - CA7.1. Describíronse actitudes e estados emocionais ligados á atención bucodental.
  - CA7.2. Describíronse técnicas comunicativas no proceso de información.
  - CA7.3. Selecionouse a técnica comunicativa en función das actitudes e dos estados emocionais detectados.
  - CA7.4. Describiuse o perfil psicolóxico dos/das cativos/as e preadolescentes.
  - CA7.5. Describíronse as características psicolóxicas das persoas adultas.
  - CA7.6. Describiuse o perfil psicolóxico das persoas de idade avanzada.
  - CA7.7. Selecciónáronse as actuacións de apoio psicolóxico e de atención á persoa con discapacidade.
  - CA7.8. Valorouse o interese e a preocupación por atender as necesidades das persoas usuarias.
  - CA7.9. Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica.



#### 1.4.2. Contidos básicos.

##### BC1. Verificación do funcionamento do equipamento dental.

• Partes do equipamento: cadeira odontolóxica, unidade odontolóxica, columna, sistemas de aspiración e evacuación, lámpada operatoria, pedal, compresores e tallo.

- Funcións da cadeira.
- Movementos da cadeira.
- Elementos adaptables.
- Funcionamento do instrumental rotatorio.
- Coidados xerais do equipamento.
- Limpeza e desinfección do equipamento.
- Criterios de calidade en cada fase do proceso.

##### BC2. Preparación de instrumental e material.

- Microorganismos potencialmente patóxenos.
- Prevención de infeccións.
- Limpeza, desinfección e esterilización do instrumental.
- Limpeza, desinfección, empaquetaxe, esterilización e control de calidade.

##### BC3. Realización de anamnese e exploración bucodental.

- Posición de traballo e control postural. Ergonomía.
- Anamnese bucodental.
- Exploración orofacial. Preparación da área de traballo. Técnicas de exploración. Manobras básicas na técnica a catro mans. Signos de exploración normal. Criterios patolóxicos de exploración bucodental. Documentos para o rexistro.



- Fotografía dixital.
- Criterios actitudinais no proceso.

BC4. Aplicación de técnicas para a obtención de imaxes de radiodiagnóstico dental.

- Fundamentos de radioloxía.
- Aplicacións das radiacións ionizantes.
- Características dos equipamentos e feixes de raios X.
- Técnicas radiolóxicas dentais.
- Tratamento dixital.
- Técnicas de revelado.

BC5. Aplicación de medidas de radioprotección e calidade en radiodiagnóstico dental.

- Efectos biolóxicos das radiacións ionizantes.
- Magnitudes e medida da radiación.
- Radioprotección. Normativa e lexislación básica en instalacións de radiodiagnóstico. Protección radiolóxica básica. Protección radiolóxica específica en instalacións de radiodiagnóstico dental. Programa de garantía de calidade. Requisitos técnicos administrativos. Necesidades específicas de atención. Información á persoa usuaria. Comunicación.

BC6. Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

- Riscos persoais e ambientais en clínicas dentais.
- Identificación dos riscos.
- Factores e situacións de risco. Factores físicos do contorno de traballo. Protección radiolóxica. Factores químicos do contorno de traballo. Factores biolóxicos. Protección biolóxica. Vacinacións. Factores psicosociais.



- Seguridade en clínicas dentais. Determinación de medidas de prevención de riscos laborais. Medidas de prevención e protección ante riscos. Medios e equipamentos de protección individual. Prevención e protección colectiva. Sinalización. Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas e aos equipamentos. Situacións de emerxencia propias dunha clínica dental. Sistemas de actuación. Caixas de urxencias.

- Normativa de prevención de riscos laborais en clínicas dentais. Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

- Xestión ambiental.

- Xestión de residuos. Clasificación e almacenamento. Tratamento e recollida de residuos. Normativa reguladora da xestión de residuos. Cumprimento da normativa de protección ambiental. Métodos e normas de orde e limpeza.

- Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.

BC7. Identificación de actitudes e estados emocionais en pacientes.

- Necesidades específicas de atención. Atención na infancia e na adolescencia. Atención á persoa adulta e á persoa anciá, e ás súas necesidades.

- Técnicas de comunicación e apoio psicolóxico.

- Información á persoa usuaria: selección da información.

- Comunicación: condutas empáticas e asertivas.

1.4.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de exploración da cavidade bucodental.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Verificación do funcionamento do equipamento dental e a preparación do instrumental e do material da unidade.





- Realización da anamnese e exploración bucodental.
- Realización de radiografías dentais, aplicando medidas de radioprotección e calidade en radiodiagnóstico dental.
- Detección de actitudes e estados emocionais nas persoas usuarias.
- Aplicación de normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental na exploración da cavidade bucodental.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Atención primaria.
- Unidades de hixiene bucodental de atención especializada.
- Gabinetes de hixiene bucodental.
- Clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais e), f), g), h), m), o), p), s) e u) do ciclo formativo e as competencias f), g), j), l), m), p), r), s) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Procedementos para a verificación do funcionamento do equipamento dental.
- Preparación do instrumental e do material da unidade.
- Procedementos para a realización da anamnese e da exploración bucodental.
- Realización de simulacións para a obtención de radiografías dentais.
- Aplicación de medidas de radioprotección e calidade en radiodiagnóstico dental e outras normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental na exploración da cavidade bucodental.
- Detección de actitudes e estados emocionais nas persoas usuarias mediante técnicas de simulación ou psicodrama.



1.5. Módulo profesional: Intervención bucodental.

- Equivalencia en créditos ECTS: 12.
- Código: MP0733.
- Duración: 213 horas.

1.5.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Realiza seladuras de fosas e fisuras, en relación coas características das superficies dentarias.

- CA1.1. Identificáronse as superficies dentarias que cumpra selar.
- CA1.2. Diferenciáronse os tipos de resinas utilizados como material selador.
- CA1.3. Preparouse o material para colocar o selador.
- CA1.4. Illouse o campo operatorio.
- CA1.5. Acondicionouse a superficie dentaria que cumpra tratar.
- CA1.6. Aplicouse o material selador mediante as técnicas pertinentes.
- CA1.7. Identificáronse os erros máis comúns na aplicación da técnica.
- CA1.8. Cumpríronse os criterios de calidade en todas as fases da seladura.
- CA1.9. Determináronse as indicacións individuais e colectivas no emprego de seladores de fosas e fisuras.
- CA1.10. Identificáronse as pautas de revisión no emprego de seladores.
- CA1.11. Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica.
- CA1.12. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.



- RA2. Aplica fluoruros tópicos e describe os tipos e as técnicas de aplicación.
  - CA2.1. Definíronse os tipos de fluoruros.
  - CA2.2. Determináronse as indicacións na aplicación de fluoruros.
  - CA2.3. Determinouse a posoloxía de fluoruros.
  - CA2.4. Clasificáronse as técnicas de aplicación de fluoruros tópicos.
  - CA2.5. Preparouse o material necesario para realizar unha aplicación de flúor en cubetas.
  - CA2.6. Acondicionouse a superficie dentaria que cumpra tratar.
  - CA2.7. Realizouse a aplicación de flúor en cubetas.
  - CA2.8. Identificáronse os erros máis comúns na aplicación da técnica.
  - CA2.9. Definíronse as recomendacións posteriores á aplicación do flúor.
  - CA2.10. Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica.
  - CA2.11. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
- RA3. Elimina cálculos dentais, seleccionando a técnica adecuada.
  - CA3.1. Definíronse os tipos e as causas dos cálculos dentais.
  - CA3.2. Identificáronse as superficies máis frecuentes de aparición dos cálculos dentais.
  - CA3.3. Definíronse técnicas de tartrectomía, raspadura, pulidura e alisadura radicular.
  - CA3.4. Enumeráronse as indicacións e as contraindicacións segundo as características do/da paciente.
  - CA3.5. Preparáronse os materiais e o instrumental necesarios para a eliminación de cálculos dentais.



- CA3.6. Realizáronse as técnicas de eliminación de cálculos e pulidura de superficie.
- CA3.7. Utilizouse a visión correcta na eliminación do cálculo dental.
- CA3.8. Definíronse as medidas de prevención de cálculos.
- CA3.9. Identificáronse as complicacións e as súas medidas correctoras.
- CA3.10. Mantívose unha actitude de orde, limpeza e método nas fases do proceso.
- CA3.11. Verificouse que a superficie quede libre do cálculo.
- CA3.12. Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica.
- CA3.13. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
- RA4. Elimina tinguaduras dentais extrínsecas, logo de seleccionar a técnica adecuada.
- CA4.1. Definíronse as tinguaduras dentais extrínsecas.
- CA4.2. Definíronse técnicas de eliminación de tinguaduras dentais extrínsecas e as súas causas.
- CA4.3. Preparáronse materiais e instrumental necesarios para a súa eliminación.
- CA4.4. Realizáronse as técnicas de eliminación de tinguaduras dentais extrínsecas.
- CA4.5. Definíronse as medidas de prevención.
- CA4.6. Desenvolveuse o traballo con orde, limpeza e método.
- CA4.7. Verificouse que a superficie quede libre de tinguaduras dentais extrínsecas.
- CA4.8. Valorouse a aplicación posterior de técnicas de branqueamento dental.
- CA4.9. Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica.



- CA4.10. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
- RA5. Efectúa a pulidura de obturacións dentarias, logo de seleccionar as técnicas correspondentes.
  - CA5.1. Identificáronse as superficies dentarias que se vaian puír.
  - CA5.2. Definíronse os criterios que xustifican a pulidura das obturacións.
  - CA5.3. Identificáronse os tipos de materiais que cumpra puír.
  - CA5.4. Clasificouse o instrumental abrasivo segundo o material que haxa que puír.
  - CA5.5. Preparouse o material necesario para realizar a pulidura.
  - CA5.6. Seleccionouse a velocidade de rotación e a refrixeración.
  - CA5.7. Realizouse a pulidura de obturacións.
  - CA5.8. Verificouse que a superficie puída non interfira na oclusión.
  - CA5.9. Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica.
  - CA5.10. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
- RA6. Elimina a placa bacteriana da cavidade bucodental e selecciona métodos de control e eliminación.
  - CA6.1. Clasificáronse os tipos de cepillos, sedas dentais e outros métodos mecánicos para a eliminación da placa.
  - CA6.2. Clasificáronse os métodos químicos para o control da placa.
  - CA6.3. Relacionouse a composición de colutorios e pastas dentais co control da placa.
  - CA6.4. Aplicáronse as técnicas de revelado de placa bacteriana.



- CA6.5. Instruíuse na aplicación de técnicas de hixiene bucodental.
  - CA6.6. Enumeráronse medidas de prevención da placa bacteriana.
  - CA6.7. Tipificáronse as medidas para o control da placa bacteriana nas próteses dentais.
  - CA6.8. Definíronse os criterios de realización dun programa de control de placa na clínica dental.
  - RA7. Aplica técnicas de control da hipersensibilidade dentinaria, en relación coa etioloxía das lesións da superficie dentaria.
    - CA7.1. Enumeráronse os estímulos causantes de hipersensibilidade dentinaria.
    - CA7.2. Identificouse a etioloxía da hipersensibilidade dentinaria.
    - CA7.3. Describíronse os síntomas da hipersensibilidade dentinaria.
    - CA7.4. Comprobose a hipersensibilidade dentinaria mediante exploración.
    - CA7.5. Clasificáronse as preparacións desensibilizantes usadas no control da hipersensibilidade dentinaria.
    - CA7.6. Aplicouse a preparación desensibilizante adecuada a cada caso.
    - CA7.7. Aplicáronse os criterios de calidade en cada fase do proceso.
    - CA7.8. Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica.
    - CA7.9. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
- 1.5.2. Contidos básicos.
- BC1. Realización de seladuras de fosas e fisuras.
- Indicacións no emprego de seladores.
  - Superficies dentarias para selar.



- Clasificación dos seladores.
- Técnicas de illamento dental.
- Preparación do material.
- Preparación de superficies dentarias.
- Técnicas de aplicación dos seladores de fosas e fisuras.
- Técnicas de acondicionamento do/da paciente.
- Protocolos de revisión dos seladores de fosas e fisuras.

#### BC2. Aplicación de fluoruros tópicos.

- Tipos de sales de flúor.
- Mecanismo de acción dos fluoruros.
- Vías de administración do flúor.
- Posoloxía de fluoruros.
- Indicacións na aplicación de fluoruros.
- Técnicas de aplicación de fluoruros tópicos.
- Coidados despois da aplicación de fluoruros.

#### BC3. Eliminación de cálculos dentais.

- Cálculos dentais.
- Definición de técnicas.
- Indicacións e contraindicacións.
- Preparación de materiais e instrumental.



- Instrumental para a raspadura, a pulidura e o alisamento.
- Realización de técnicas.
- Medidas de prevención.
- Complicacións e medidas correctoras.
- Criterios de calidade en cada fase do proceso.
- Verificación da eliminación do cálculo.

#### BC4. Eliminación de tinguiduras dentais extrínsecas.

- Definición e etiloxía de tinguiduras dentais.
- Técnicas de eliminación.
- Preparación de materiais e instrumental.
- Realización de técnicas de eliminación.
- Medidas de prevención.
- Control de calidade.

#### BC5. Pulidura de obturacións.

- Identificación de superficies para puír.
- Xustificación da pulidura.
- Tipos de materiais para puír.
- Instrumental abrasivo segundo o material que haxa que puír.
- Materiais para puír.
- Instrumentos rotatorios para a pulidura de obturacións.





- Preparación do material.
- Selección de parámetros no instrumental rotatorio.
- Realización da técnica.
- Verificación da superficie puída.

#### BC6. Eliminación da placa bacteriana.

- Clasificación dos métodos mecánicos e químicos de control de placa.
- Relación dos compoñentes coa eliminación de placa.
- Técnicas de revelado de placa bacteriana.
- Técnicas de hixiene bucodental.
- Prevención da placa bacteriana.
- Eliminación de placa bacteriana nas próteses dentais.
- Programa de eliminación de placa na clínica dental.

#### BC7. Aplicación de técnicas de control da hipersensibilidade dentinaria.

- Enumeración de estímulos causantes da hiperestesia dentinaria.
- Etioloxía. Patoloxía dentaria: carie. Fracturas. Branqueamentos. Procedementos operatorios.
- Sintomatoloxía. Dor: localización.
- Técnicas de exploración.
- Tratamento. Preparacións desensibilizantes.

#### 1.5.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de realización de intervencións bucodentais.



A definición desta función abrangue aspectos como:

- Realización de seladuras de fosas e fisuras.
- Aplicación de fluoruros tópicos.
- Eliminación de cálculos dentais.
- Eliminación de tinguiduras dentais extrínsecas.
- Eliminación da placa bacteriana.
- Aplicación de técnicas de control da hipersensibilidade dentinaria.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Atención primaria.
- Unidades de hixiene bucodental de atención especializada.
- Gabinetes de hixiene bucodental.
- Clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais g), i), j), k), o), s) e u) do ciclo formativo e as competencias f), h), i), j), l), m), o), p), r), s) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Realización de técnicas de seladura de fosas e fisuras.
- Adquisición de destreza na aplicación de fluoruros.
- Actividades de educación sanitaria sobre cepilladura e aplicación de fluoruros.
- Realización de procedementos para a eliminación de cálculos dentais e tinguiduras dentais extrínsecas.
- Aplicación de técnicas de control da placa bacteriana.



– Detección de hipersensibilidade dentinaria.

1.6. Módulo profesional: Epidemioloxía en saúde oral.

• Equivalencia en créditos ECTS: 6.

• Código: MP0734.

• Duración: 87 horas.

1.6.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Planifica programas de seguimento e estudos epidemiolóxicos para grupos de poboación específicos, definindo obxectivos e actuacións.

– CA1.1. Definíronse as aplicacións da epidemioloxía.

– CA1.2. Caracterizáronse os tipos de estudos epidemiolóxicos.

– CA1.3. Identificáronse os indicadores demográficos máis relevantes.

– CA1.4. Describíronse características demográficas de grupos específicos.

– CA1.5. Relacionáronse os datos demográficos cos indicadores de saúde bucodental.

– CA1.6. Definíronse as fases para desenvolver un estudo epidemiolóxico nunha determinada comunidade.

– CA1.7. Formuláronse obxectivos de estudos epidemiolóxicos para unha determinada comunidade.

– CA1.8. Seleccionáronse a poboación de estudo e as variables que cumpra estudar.

– CA1.9. Enumeráronse as necesidades de recursos humanos e materiais para a actuación que se vaia desenvolver.

– CA1.10. Interpretáronse os datos obtidos con base en diversos indicadores.



– CA1.11. Determináronse as accións de información á poboación obxecto de estudo e a outros axentes.

• RA2. Determina os niveis de saúde bucodental dunha comunidade, analizando os seus indicadores.

– CA2.1. Utilizouse a terminoloxía relacionada coa saúde e a doenza dunha comunidade.

– CA2.2. Tipificáronse os indicadores de saúde segundo as súas aplicacións.

– CA2.3. Clasificáronse indicadores de saúde bucodental en tecidos brandos e dentición permanente e temporal.

– CA2.4. Realizáronse as operacións e os cálculos necesarios para a obtención dos indicadores de saúde bucodental.

– CA2.5. Avaliouse o nivel de saúde e doenza dunha comunidade mediante os indicadores obtidos.

– CA2.6. Rexistráronse os resultados obtidos en distintos sistemas.

– CA2.7. Resolvéronse as posibles incidencias respectando as normas e os protocolos establecidos.

– CA2.8. Tratouse a información obtida con discreción e respecto.

– CA2.9. Valoráronse a orde e a precisión no desenvolvemento do traballo.

• RA3. Obtén datos epidemiolóxicos de grupos mediante enquisas e describe as técnicas de realización destas.

– CA3.1. Identificáronse as características e as aplicacións dos métodos para obter información.

– CA3.2. Elaboráronse cuestionarios e modelos de entrevistas.

– CA3.3. Adaptáronse instrumentos xa deseñados para obter datos.



- CA3.4. Aplicáronse técnicas de realización de entrevistas e cuestionarios para obter datos.
- CA3.5. Extraéronse datos de entrevistas e cuestionarios.
- CA3.6. Consultáronse fontes secundarias para obter información.
- CA3.7. Rexistrouse en distintos soportes a información obtida.
- CA3.8. Verificouse a calidade dos datos obtidos.
- CA3.9. Realizáronse procedementos de adestramento e calibración de examinadores/as.
- CA3.10. Resolvéronse as posibles incidencias, respectando as normas e os protocolos establecidos.
- CA3.11. Extraéronse conclusións a partir dos datos obtidos.
- CA3.12. Determináronse posibles actuacións de acordo cos resultados das enquisas e/ou das entrevistas.
- CA3.13. Tratouse a información obtida con discreción e respecto.
- RA4. Identifica os niveis de saúde bucodental dunha comunidade, interpretando resultados obtidos en estudos epidemiolóxicos.
  - CA4.1. Identificáronse métodos de avaliación de datos de estudos epidemiolóxicos.
  - CA4.2. Aplicáronse procedementos de tabulación de datos.
  - CA4.3. Realizáronse o cálculo e a análise estatística de datos.
  - CA4.4. Relacionáronse os hábitos hixiénicos e dietéticos dun grupo de poboación co nivel de saúde oral.
  - CA4.5. Avaliáronse indicadores e/ou índices de saúde oral para describir o estado e a evolución de saúde bucodental dunha comunidade.



- CA4.6. Elaboráronse informes cos resultados de estudos epidemiolóxicos.
- CA4.7. Formuláronse hipóteses sobre posibles causas e consecuencias das alteracións achadas.
- CA4.8. Comparáronse os resultados obtidos cos doutras investigacións.
- CA4.9. Respectáronse as normas de traballo e os protocolos establecidos.
- RA5. Informa sobre datos epidemiolóxicos en programas de intervención sanitaria e describe as características dos grupos de risco.
  - CA5.1. Clasificáronse grupos de poboación polas súas características e polos hábitos máis significativos.
  - CA5.2. Identificáronse poboacións de risco en patoloxía bucodental.
  - CA5.3. Caracterizáronse factores que aumentan o risco de doenza bucodental.
  - CA5.4. Caracterizáronse factores que preveñen e protexen da doenza bucodental.
  - CA5.5. Describiuse a epidemioloxía de doenzas bucodentais.
  - CA5.6. Determináronse os criterios epidemiolóxicos estandarizados, precisando os índices de aplicación, para a avaliación da placa bacteriana, a carie e a doenza periodontal.
  - CA5.7. Determináronse os criterios epidemiolóxicos estandarizados, precisando os índices de aplicación, para a avaliación de maloclusións e necesidades de tratamento específico.
  - CA5.8. Preparouse información para comunicar datos a varios axentes.
  - CA5.9. Relacionáronse causas e consecuencias das doenzas bucodentais.
  - CA5.10. Respectáronse as normas de traballo e os procedementos establecidos.
  - CA5.11. Manifestouse disposición para se adaptar ás características do grupo receptor.



### 1.6.2. Contidos básicos.

#### BC1. Planificación de programas de seguimento e estudos epidemiolóxicos.

- Epidemioloxía: definicións; medición de fenómenos; aplicacións.
- Demografía: estática e dinámica.
- Estudos epidemiolóxicos: características, metodoloxía, clasificación e aplicacións.
- Etapas das investigacións en epidemioloxía.
- Selección da poboación de estudo: variables; recursos.
- Planificación e aplicación de estudos epidemiolóxicos.
- Interpretación de datos, índices, razóns, proporcións e taxas.

#### BC2. Determinación de indicadores de nivel de saúde bucodental.

- Saúde e doenza. Indicadores de saúde: clasificación.
- Saúde bucodental. Odontoloxía comunitaria.
- Indicadores de saúde bucodental: características; obtención e cálculo.
- Indicadores de tecidos brandos e de dentición permanente e temporal.
- Documentación para o rexistro de datos.
- Incidencia e tratamento da información.

#### BC3. Obtención de datos en estudos epidemiolóxicos.

- Métodos de obtención de datos baseados na observación.
- Métodos de obtención de datos baseados en enquisas.
- Datos secundarios. Fontes bibliográficas e documentos relacionados coa saúde bucodental.



- Aplicacións informáticas de rexistro de datos.
- Control de calidade na obtención de datos. Erros máis frecuentes.
- Análise de datos e conclusións.
- Adestramento e calibración de examinadores. Variabilidade e fiabilidade.

#### BC4. Identificación dos niveis de saúde bucodental dunha comunidade.

- Métodos de avaliación de datos.
- Índices de saúde oral.
- Cálculo e análise estatística de datos.
- Elaboración de informes.
- Hipóteses comparativas con resultados de estudos similares.

#### BC5. Información sobre datos epidemiolóxicos.

- Clasificación de grupos de poboación segundo hábitos e características.
- Factores que diminúen e que aumentan o risco de patoloxía bucodental.
- Características epidemiolóxicas xerais das doenzas infecciosas e doutra índole.
- Epidemioloxía de doenzas bucodentais.
  - Índices de aplicación para a avaliación da placa bacteriana, da carie e da doenza periodontal.
  - Índices de aplicación para a avaliación de maloclusións e necesidades de tratamento específico.
- Factores de prevención e protección de doenzas orais.
- Técnicas de información e comunicación de resultados.





- Técnicas de consulta de datos. Fontes bibliográficas. Datos de organismos oficiais.

### 1.6.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de vixilancia epidemiolóxica da saúde bucodental en persoas e nunha comunidade.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Planificación de programas de seguimento e estudos epidemiolóxicos.
- Determinación de indicadores de nivel de saúde bucodental.
- Identificación dos niveis de saúde bucodental dunha comunidade.
- Información sobre datos epidemiolóxicos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en atención primaria e en unidades de hixiene bucodental de atención especializada.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais i), k), m), n), o), p), q), r), t), u) e v) do ciclo formativo e as competencias e), h), m), n), o), p), q), r), s) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Planificación de actividades para a aplicación de programas de seguimento epidemiolóxico de saúde e doenza dun grupo de poboación.
- Análise dos estudos epidemiolóxicos.
- Identificación de indicadores de nivel de saúde bucodental.
- Interpretación de datos sobre os niveis de saúde bucodental dunha comunidade.
- Elaboración de información sobre análises epidemiolóxicas.

### 1.7. Módulo profesional: Educación para a saúde oral.

- Equivalencia en créditos ECTS: 7.



- Código: MP0735.

- Duración: 105 horas.

#### 1.7.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Obtén información referente á saúde bucodental para caracterizar grupos e persoas, logo de seleccionar técnicas específicas.

- CA1.1. Diferenciáronse os conceptos de saúde e doenza, e de saúde pública e comunitaria.

- CA1.2. Relacionouse o concepto de odontoloxía preventiva co de odontoloxía comunitaria.

- CA1.3. Identificáronse os niveis de prevención, os seus obxectivos e as súas accións.

- CA1.4. Relacionáronse os tipos de determinantes de saúde cos factores que afectan a saúde bucodental a nivel individual e colectivo.

- CA1.5. Enumeráronse os factores protectores e prexudiciais para a saúde oral.

- CA1.6. Consultáronse fontes para obter información sobre os grupos diana.

- CA1.7. Utilizáronse técnicas para recoller información sobre saúde bucodental e doenza de persoas e colectivos.

- CA1.8. Seleccionouse información relacionada co grupo diana.

- CA1.9. Organizouse a información en función de obxectivos.

- CA1.10. Utilizouse a terminoloxía básica relacionada coa saúde pública, coa promoción e coa educación para a saúde.

- RA2. Organiza accións de educación e promoción da saúde, programando actividades para diferentes situacións e persoas.

- CA2.1. Describíronse os niveis e as etapas da planificación sanitaria.



- CA2.2. Establecéronse prioridades de intervención segundo as características de cada grupo.
- CA2.3. Definíronse os obxectivos que cumpra lograr en diversos programas de intervención sanitaria.
- CA2.4. Enumeráronse as actividades do programa en función dos obxectivos.
- CA2.5. Deseñáronse actividades adaptadas ás persoas e aos colectivos receptores da acción.
- CA2.6. Secuenciáronse as actividades e asignáronse tempos de realización.
- CA2.7. Identificáronse os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- CA2.8. Elaboráronse materiais de traballo en función das persoas e dos grupos participantes.
- CA2.9. Desenvolvéronse proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións.
- CA2.10. Utilizáronse aplicacións informáticas específicas para actividades de promoción da saúde.
- RA3. Prepara información sobre saúde bucodental, logo de seleccionar os contidos en función do grupo diana.
  - CA3.1. Interpretáronse as finalidades previstas nos obxectivos.
  - CA3.2. Identificáronse as características do grupo diana.
  - CA3.3. Analizáronse as características da información que se vaia transmitir.
  - CA3.4. Identificáronse as dificultades dos coñecementos que se vaian transmitir.
  - CA3.5. Seleccionouse a información en función da idade e das características do grupo receptor.



- CA3.6. Adaptáronse os contidos a persoas ou grupos con características e patoloxías específicas.
- CA3.7. Organizáronse os contidos que cumpra transmitir nas actividades de promoción da saúde e prevención de doenzas bucodentais.
- CA3.8. Consultouse bibliografía para actualizar a información relacionada coa prevención das doenzas bucodentais.
- CA3.9. Manifestouse iniciativa na procura e no estudo de nova información.
- RA4. Informa sobre saúde bucodental persoas e grupos, analizando técnicas adaptadas ás súas características e á súa motivación.
- CA4.1. Identificáronse as técnicas, os elementos e os tipos da comunicación.
- CA4.2. Determináronse os requisitos e as dificultades inherentes ao proceso comunicativo.
- CA4.3. Determináronse as características das persoas que vaian recibir a información.
- CA4.4. Informouse de xeito claro, correcto e adaptado en diferentes situacións.
- CA4.5. Caracterizáronse as técnicas de motivación, as súas fases e os seus requisitos.
- CA4.6. Identificáronse os valores máis motivadores para as persoas e os grupos implicados.
- CA4.7. Aplicáronse técnicas de motivación e reforzo en distintas situacións.
- CA4.8. Aplicáronse técnicas para comprobar o nivel de comprensión das persoas ou dos grupos receptores.
- CA4.9. Identificáronse as técnicas e os fundamentos máis básicos de modificación de comportamento no ámbito da promoción da saúde bucodental.
- CA4.10. Amosouse respecto por persoas con perspectivas e forma de vida diferentes.



- RA5. Pon en práctica actividades de educación e promoción de saúde bucodental, previamente seleccionadas en función das características dos grupos.
  - CA5.1. Interpretáronse os obxectivos e a metodoloxía de campañas de promoción da saúde.
  - CA5.2. Respectáronse as fases de aplicación de programas de educación sanitaria.
  - CA5.3. Utilizáronse materiais impresos, audiovisuais, aplicacións informáticas, etc.
  - CA5.4. Adaptáronse os recursos ás características das persoas e dos grupos receptores.
  - CA5.5. Desenvolvéronse actividades de promoción da saúde.
  - CA5.6. Aplicáronse técnicas de animación e dinámica de grupos para conseguir a implicación e a colaboración da poboación.
  - CA5.7. Utilizáronse aplicacións informáticas específicas.
  - CA5.8. Respectáronse os tempos marcados na planificación realizada.
  - CA5.9. Resolvéronse adecuadamente situacións non previstas.
  - CA5.10. Manifestouse interese polo traballo en equipo.
- RA6. Aplica técnicas de avaliación de programas de educación para a saúde, tendo en conta a relación entre os obxectivos e os resultados obtidos.
  - CA6.1. Identificáronse instrumentos para a avaliación de actividades.
  - CA6.2. Formuláronse criterios para avaliar a consecución dos obxectivos programados na intervención sanitaria.
  - CA6.3. Diferenciáronse os instrumentos que cumpra aplicar en función do obxectivo da acción avaliativa.
  - CA6.4. Preparáronse instrumentos para a avaliación de actividades de educación para a saúde.



– CA6.5. Utilizáronse instrumentos para avaliar as actividades desenvolvidas no programa.

– CA6.6. Establecéronse medidas correctoras e de reforzo para os casos en que non se consigan os obxectivos previstos.

– CA6.7. Respectáronse os criterios establecidos nos protocolos de actuación.

1.7.2. Contidos básicos.

BC1. Obtención de información referente á saúde bucodental.

• Saúde e doenza. Saúde pública e comunitaria. Historia natural da doenza e niveis de prevención. Odontoloxía comunitaria.

• Determinantes de saúde.

• Educación para a saúde: obxectivos, contidos e áreas de aplicación.

• Técnicas de recollida de información. Fontes de información. Datos epidemiolóxicos. Indicadores de saúde e de saúde bucodental. Enquisas. Entrevistas e cuestionarios.

BC2. Organización de accións de educación e promoción da saúde.

• Planificación sanitaria: niveis e etapas.

• Planificación de programas e actividades de promoción e educación para a saúde.

• Formulación de obxectivos.

• Metodoloxía: clasificación de métodos.

• Selección e preparación de recursos.

• Deseño e secuencia de actividades.

• Proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións.

• Aplicacións informáticas utilizadas en actividades de promoción da saúde.



BC3. Preparación de información sobre saúde bucodental.

- Selección de contidos para a prevención das doenzas bucodentais.
- Información para transmitir en actividades de promoción de saúde bucodental.
- Programas de educación para a saúde na infancia, na adolescencia, na idade adulta e na senectude.
- Programas de educación para a saúde en persoas con características específicas.

BC4. Información sobre a saúde bucodental a persoas e grupos.

- Comunicación: elementos e tipos.
- Proceso comunicativo: requisitos e dificultades.
- Técnicas de comunicación e de información.
- Técnicas de motivación.
- Modificación do comportamento en procesos de saúde.

BC5. Posta en práctica de actividades de educación e promoción da saúde bucodental.

- Actividades de promoción e educación para a saúde. Técnicas de posta en práctica.
- Análise e interpretación de programas de educación para a saúde.
- Desenvolvemento de actividades de educación e promoción da saúde.
- Aplicación de técnicas de grupo.
- Aplicacións informáticas específicas.

BC6. Aplicación de técnicas de avaliación en programas de educación para a saúde.

- Acción avaliativa: obxectivos e funcións.



- Tipos de avaliación.
- Técnicas e instrumentos de avaliación.

### 1.7.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de educación sanitaria e promoción da saúde bucodental de persoas e da comunidade.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Obtención de información referente á saúde bucodental.
- Organización de accións de educación e promoción da saúde bucodental.
- Preparación de información sobre saúde bucodental.
- Información sobre saúde bucodental e técnicas de autocoidados a persoas e grupos.
- Posta en práctica de actividades de educación e promoción da saúde bucodental.
- Aplicación de técnicas de avaliación en programas de educación para a saúde.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en atención primaria e unidades de hixiene bucodental de atención especializada.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais i), k), m), n), o), p), r), t) e u) do ciclo formativo e as competencias f), i), m), n), p), r), s) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Selección de información referente á saúde bucodental.
- Programación de actividades de educación e promoción de saúde bucodental.
- Aplicación de técnicas de comunicación, e de animación e dinámica de grupos.
- Preparación de información sobre saúde bucodental.





- Información sobre saúde bucodental e técnicas de autocoidados a persoas e grupos.
- Posta en práctica de actividades de educación e promoción de saúde bucodental.
- Avaliación de actividades realizadas en programas de educación para a saúde.

1.8. Módulo profesional: Conservadora, periodoncia, cirurxía e implantes.

- Equivalencia en créditos ECTS: 8.
- Código: MP0736.
- Duración: 175 horas.

1.8.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Aplica técnicas de axuda na realización de obturacións, en relación coa extensión da carie.
  - CA1.1. Identificouse a extensión da carie nas superficies que cumpra obturar.
  - CA1.2. Recoñecéronse os tipos de cavidades de restauración segundo a extensión da carie.
  - CA1.3. Describiuse a secuencia da intervención.
  - CA1.4. Clasificáronse os tipos de material de obturación.
  - CA1.5. Preparouse a bandexa de operatoria dental para cada tipo de intervención
  - CA1.6. Preparouse o instrumental necesario para anestesiarse o/a paciente.
  - CA1.7. Illouse o campo operatorio.
  - CA1.8. Preparáronse os tipos de protectores dentinopolpares segundo os protocolos de actuación.
  - CA1.9. Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria das obturacións.
  - CA1.10. Identificáronse defectos na obturación.



- CA1.11. Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
- CA1.12. Puíuse a obturación segundo os protocolos establecidos e comprobouse a oclusión.
- CA1.13. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
- RA2. Aplica técnicas de axuda no tratamento de condutos, en relación coa afectación polpar.
  - CA2.1. Identificouse a afectación polpar na dentición temporal e permanente.
  - CA2.2. Describiuse a secuencia da intervención.
  - CA2.3. Diferenciáronse os tipos de materiais de seladura de condutos.
  - CA2.4. Preparouse o instrumental necesario para anestesiarse o/a paciente.
  - CA2.5. Preparáronse o material e o instrumental necesarios para realizar a endodoncia.
  - CA2.6. Illouse o campo operatorio.
  - CA2.7. Instrumentouse para realizar a condutometría e a preparación de condutos.
  - CA2.8. Seguíronse os protocolos de axuda na obturación de condutos e reconstrución da coroa.
  - CA2.9. Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
  - CA2.10. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental.
  - RA3. Aplica técnicas de axuda para eliminar tinguaduras dentarias intrínsecas, en relación co proceso de branqueamento dental.
    - CA3.1. Definíronse os tipos de tinguaduras dentarias intrínsecas.



- CA3.2. Analizáronse as causas das tinguiduras dentarias intrínsecas.
- CA3.3. Describiuse a secuencia da intervención.
- CA3.4. Clasificáronse os tipos de materiais de branqueamento.
- CA3.5. Preparouse o material e o instrumental para eliminar as tinguiduras dentarias intrínsecas.
- CA3.6. Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria do branqueamento dental.
- CA3.7. Aplicáronse de forma tópica os elementos de branqueamento dental.
- CA3.8. Especificáronse as precaucións antes, durante e despois do tratamento branqueador.
- CA3.9. Establecéronse pautas de seguimento e control do proceso.
- CA3.10. Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
- RA4. Aplica técnicas de axuda en periodoncia, interpretando procedementos de intervención.
  - CA4.1. Definíronse os tipos de intervencións en periodoncia.
  - CA4.2. Aplicáronse técnicas de control microbiolóxico preoperatorio.
  - CA4.3. Describiuse a secuencia das intervencións.
  - CA4.4. Clasificouse o instrumental en operatoria periodontal.
  - CA4.5. Mantívose o campo operatorio iluminado e seco.
  - CA4.6. Preparouse o instrumental para as intervencións periodontais.
  - CA4.7. Preparouse o campo estéril para a realización da cirurxía.
  - CA4.8. Preparouse o/a paciente para a realización da cirurxía.



- CA4.9. Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria.
- CA4.10. Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
- RA5. Aplica técnicas de axuda en extraccións dentarias e cirurxía bucodental, logo de seleccionar o instrumental e o material.
  - CA5.1. Describiuse a secuencia da intervención.
  - CA5.2. Identificáronse as diferenzas entre os fórceps de arcada superior e inferior.
  - CA5.3. Identificáronse as diferenzas entre os botadores de arcada superior e inferior.
  - CA5.4. Preparouse a bandexa de exodoncia para cada tipo de intervención.
  - CA5.5. Clasificouse o instrumental para intervencións de cirurxía bucodental.
  - CA5.6. Instrumentouse na extracción e/ou na cirurxía de terceiros molares incluídos.
  - CA5.7. Instrumentouse na extracción e/ou na cirurxía de caninos incluídos.
  - CA5.8. Seguiuse unha técnica aséptica na realización da cirurxía.
  - CA5.9. Definíronse as instrucións ao/á paciente para o período postoperatorio.
- RA6. Aplica técnicas de axuda na colocación de implantes, logo de seleccionar o instrumental.
  - CA6.1. Diferenciáronse as partes dun implante.
  - CA6.2. Describiuse a secuencia da intervención.
  - CA6.3. Identificouse o instrumental para colocar implantes.
  - CA6.4. Preparouse o material para anestesiarse o/a paciente.
  - CA6.5. Aplicáronse técnicas específicas de asepsia.



– CA6.6. Instrumentouse na colocación do implante.

– CA6.7. Preparouse o instrumental necesario para realizar a toma de impresión e para a colocación da prótese.

– CA6.8. Identificáronse as técnicas de axuda no control dos resultados.

– CA6.9. Instruíuse o/a paciente no mantemento hixiénico do implante.

1.8.2. Contidos básicos.

BC1. Aplicación de técnicas de axuda na realización de obturacións.

- Extensión da carie.
- Clasificación das cavidades.
- Descrición da intervención.
- Protectores dentinopolpares.
- Materiais de obturación.
- Material e instrumental de anestesia.
- Instrumental de obturacións.
- Illamento de campo.
- Técnicas de instrumentación.
- Identificación de defectos na obturación.
- Material de pulidura.
- Criterios de calidade na realización de técnicas de axuda nas obturacións.

BC2. Aplicación de técnicas de axuda no tratamento de condutos.

- Identificación da extensión da lesión polpar.



- Definición de polpotomía e polpectomía.
- Descrición da intervención.
- Materiais utilizados no tratamento de condutos.
- Material de anestesia.
- Instrumental utilizado no tratamento de condutos.
- Illamento de campo.
- Técnicas de instrumentación.
- Criterios de calidade na realización de técnicas de axuda no tratamento de condutos.

#### BC3. Aplicación de técnicas de axuda na eliminación de tinguaduras dentais intrínsecas.

- Definición de tinguaduras dentais intrínsecas.
- Etioloxía das tinguaduras.
- Descrición da intervención.
- Materiais utilizados no branqueamento dental.
- Instrumental utilizado no branqueamento dental.
- Técnicas de instrumentación.
- Aplicación tópica de elementos do branqueamento.
- Seguimento e control.
- Criterios de calidade na realización de técnicas de axuda na eliminación de tinguaduras dentais intrínsecas.

#### BC4. Aplicación de técnicas de axuda en periodoncia.

- Desinfección da cavidade bucodental.



- Diagnóstico periodontal.
- Descrición da intervención.
- Instrumental utilizado.
- Campo operatorio.
- Preparación do campo estéril.
- Preparación do instrumental.
- Técnicas de instrumentación.
- Criterios de calidade na realización de técnicas de axuda en periodoncia.

#### BC5. Aplicación de técnicas de axuda en extraccións dentarias e cirurxía bucodental.

- Secuencia na extracción dentaria.
- Clasificación e diferenciación do instrumental utilizado nas extraccións dentarias.
- Fórceps.
- Botadores.
- Clasificación do instrumental utilizado en cirurxía bucodental.
- Preparación do instrumental para extracción.
- Instrucións postoperatorias.
- Preparación do campo estéril.
- Instrumentación en extracción de terceiros molares incluídos.
- Instrumentación na extracción de caninos incluídos.

#### BC6. Aplicación de técnicas de axuda na colocación de implantes.

- Partes dun implante.



- Secuencia da intervención.
- Instrumental utilizado na colocación de implantes.
- Material de anestesia.
- Desinfección da cavidade bucodental.
- Técnicas de instrumentación.
- Instrumental utilizado na toma de impresión e colocación de próteses sobre implantes.
- Caixas de cirurxía implantaria.
- Preparación do campo estéril.

### 1.8.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de aplicación de técnicas odontolóxicas propias ou de axuda dentro do equipamento de saúde bucodental.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Formalización da documentación clínica da persoa usuaria.
- Selección e preparación de materiais e equipamentos en función da intervención.
- Axuda na realización de técnicas de odontoloxía conservadora.
- Participación dentro do equipo de saúde bucodental na realización de técnicas perio-dontais.
- Colaboración na realización de técnicas cirúrxicas, extracción de pezas dentais e co-locación de implantes.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Atención primaria.





- Unidades de hixiene bucodental de atención especializada.
- Gabinetes de hixiene bucodental.
- Clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais j), k), m), n), ñ), o), p), r), s), t) e u) do ciclo formativo e as competencias f), j), k), l), m), n), ñ), o), p), r), s) e t).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Selección e preparación do instrumental e dos materiais para a realización de tratamentos conservadores, periodoncia, técnicas cirúrxicas e implantes.
- Selección e preparación do instrumental e dos materiais para o tratamento de condutos e a eliminación de tinguiduras dentais intrínsecas.
- Aplicación de técnicas de axuda en intervencións conservadoras e de periodoncia, en extraccións dentarias e cirurxía bucodental, e na colocación de implantes.

#### 1.9. Módulo profesional: Prótese e ortodoncia.

- Equivalencia en créditos ECTS: 8.
- Código: MP0737.
- Duración: 157 horas.

##### 1.9.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

- RA1. Cobre a ficha clínica identificando os rexistros diagnósticos en prótese e ortodoncia.
  - CA1.1. Describíronse os tipos de próteses removibles completas, parciais e fixas.
  - CA1.2. Clasificouse a documentación relativa ao/á paciente do tratamento en curso.
  - CA1.3. Interpretáronse documentos de rexistro da patoloxía oral de cara a realizar o diagnóstico e a restauración indicados.



- CA1.4. Describíronse as características anatómicas, funcionais e sociais do/da paciente edéntulo/a ou parcialmente edéntulo/a.
- CA1.5. Relacionáronse as alteracións do/da paciente con patoloxía esquelética e dentaria.
- CA1.6. Definíronse as funcións e as características dos medios diagnósticos fotográficos, radiográficos e informáticos.
- CA1.7. Asociouse o protocolo de actuación a cada técnica.
- CA1.8. Rexistráronse os datos máis significativos da ficha clínica protésica.
- CA1.9. Rexistrouse o seguimento do tratamento finalizado.
- RA2. Prepara equipamentos e materiais para tomas de impresión e comproba os resultados obtidos, tendo en conta a relación entre a técnica e o tipo de prótese.
- CA2.1. Describíronse as características dos materiais e do instrumental para a toma de impresións.
- CA2.2. Relacionáronse os tipos de materiais e o instrumental coas características da toma de impresión.
- CA2.3. Establecéronse os protocolos para a toma de impresión.
- CA2.4. Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene dirixidas ao/á paciente e ao/á profesional.
- CA2.5. Identificáronse os erros máis frecuentes na toma de impresións.
- CA2.6. Comprobouse que a impresión obtida satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
- CA2.7. Aplicáronse os protocolos de desinfección, envasamento e etiquetaxe do produto para embalalo e entrego.
- CA2.8. Elaborouse un informe do proceso que permita comprobar a rastrexabilidade dos materiais utilizados.



- RA3. Planifica a elaboración do modelo e os rexistros de oclusión, tendo en conta a relación das técnicas de traballo co tipo de modelo e co rexistro demandado.
  - CA3.1. Enumeráronse as características dos materiais e do instrumental empregados para a confección e o estudo do molde.
  - CA3.2. Enumeráronse as características dos materiais empregados para a obtención de rexistros de oclusión.
  - CA3.3. Seleccionáronse os tipos de materiais e de instrumental para a elaboración do molde e o rexistro de mordida.
  - CA3.4. Establecéronse os protocolos de actuación en cada técnica.
  - CA3.5. Comprobase que as reproducións obtidas satisfagan os criterios de calidade.
  - CA3.6. Tipificáronse as condicións de envío ao laboratorio dos rexistros obtidos, para a súa finalización protésica segundo prescricións do facultativo.
  - CA3.7. Elaborouse un informe do proceso que permita comprobar a rastrexabilidade dos materiais utilizados.
  - CA3.8. Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
  - CA3.9. Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas.
- RA4. Comproba a adaptación e determina a conservación da prótese, tendo en conta a relación entre o resultado final e as necesidades da persoa usuaria.
  - CA4.1. Describíronse as características técnicas das próteses removibles completas, parciais e fixas.
  - CA4.2. Determináronse as características da adaptación protésica.
  - CA4.3. Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para o deseño de próteses dentais.



- CA4.4. Seleccionáronse as probas de verificación en función do tipo de prótese.
- CA4.5. Comprobáronse a retención e estabilidade da prótese.
- CA4.6. Identificouse a información necesaria para o bo uso e a hixiene correcta da prótese.
- CA4.7. Elaborouse un plan de acomodación á prótese dental.
- CA4.8. Estableceuse un protocolo na atención de urxencias protésicas.
- RA5. Define o procedemento de axuda ao tratamento, tendo en conta a relación entre as características fisiopatolóxicas da persoa usuaria e as características do aparello de ortodoncia que se vaia implantar.
  - CA5.1. Definíronse as características técnicas dos dispositivos ortodónticos ou ortopédicos.
  - CA5.2. Enumeráronse as características anatómicas, fisiopatolóxicas oclusais e sociais que cumpra valorar nun/nunha paciente ou persoa usuaria.
  - CA5.3. Interpretáronse odontogramas e outros rexistros de cara a realizar o tratamento ortodóntico ou ortopédico indicado.
  - CA5.4. Rexistrouse a información obtida do estado de saúde do/da paciente ou da persoa usuaria no soporte correspondente.
  - CA5.5. Relacionáronse coa exploración clínica a documentación fotográfica, as radiografías, as cefalometrías e os modelos.
  - CA5.6. Relacionouse o estado de saúde do/da paciente coas características do aparello que se vaia implantar.
  - CA5.7. Determináronse as actuacións de axuda para o tratamento, a partir de rexistros diagnósticos específicos.
  - CA5.8. Relacionáronse as repercusións do tratamento ortodóntico na vida cotiá.



- RA6. Adapta o aparello de ortodoncia e define o seu protocolo de conservación, interpretando técnicas de axuste e mantemento.

- CA6.1. Seleccionáronse o instrumental, o equipamento e os materiais para a colocación e a retirada dos dispositivos ortodónticos.

- CA6.2. Utilizáronse aplicacións informáticas para o axuste dos dispositivos terapéuticos.

- CA6.3. Definíronse os métodos complementarios de rehabilitación oclusal.

- CA6.4. Realizáronse operacións de mantemento dos aparellos ortodónticos.

- CA6.5. Determinouse o protocolo de hixiene bucodental domiciliaria en dispositivos fixos e/ou removibles.

- CA6.6. Definíronse as accións que cumpra realizar no proceso de adaptación segundo a idade e a capacidade dos/das pacientes ou das persoas usuarias.

- CA6.7. Describíronse estratexias para a realización autónoma da súa actividade.

- CA6.8. Estableceuse un protocolo na atención de urxencias ortodónticas.

1.9.2. Contidos básicos.

BC1. Formalización da ficha clínica.

- Tipos de restauracións protésicas: removibles e fixas.
- Paciente edéntulo/a e parcialmente edéntulo/a: características anatomofisiolóxicas.
- Odontogramas.
- Probas complementarias para o diagnóstico. Radiografías.
- Obtención e manexo de fotografías de distintos tipos.

BC2. Preparación do material e dos equipamentos para a toma de impresión.

- Impresións preliminares e definitivas.



- Preparación de equipamentos e instrumental segundo o tipo de prótese e de ortodoncia.
- Erros máis frecuentes.
- Desinfección, envasamento e etiquetaxe do produto para embalalo e entregalo.
- Tratamento de residuos.

#### BC3. Planificación da elaboración de modelos e rexistros de oclusión.

- Materiais e instrumental de confección de modelos.
- Tipos de materiais en rexistros de oclusión.
- Instrumental para rexistro de mordida.
- Tratamento de residuos.

#### BC4. Adaptación e conservación da prótese.

- Adaptación e conservación de próteses PR completas, PPR, mixtas e fixas.
- Aplicacións informáticas para o deseño de próteses.
- Mantemento e hixiene dos aparellos protéticos.

#### BC5. Procedemento de axuda ao tratamento.

- Indicacións para tratamento ortodóntico.
- Diagnóstico. Odontogramas. Probas complementarias.
- Dispositivos ortodónticos: tipos e indicacións.

#### BC6. Adaptación e conservación do aparello de ortodoncia.

- Material, instrumental e equipamentos para colocación e retirada de dispositivos ortodónticos.
- Aplicacións informáticas para o axuste de dispositivos.



- Complicacións derivadas do tratamento ortodóntico.
- Mantemento dos aparellos ortodónticos.
- Adestramento da persoa usuaria na hixiene bucodental domiciliaria dos dispositivos ortodónticos.
- Dispositivos auxiliares nas técnicas de hixiene oral en pacientes que porten ortodoncia.

### 1.9.3. Orientacións pedagóxicas.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función de aplicación de técnicas de axuda odontolóxica en próteses e implantes dentro do equipo de saúde bucodental.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Formalización da documentación clínica da persoa usuaria.
- Selección e preparación de materiais e equipamentos en función da intervención.
- Realización de técnicas de axuda odontolóxica na obtención de próteses fixas e removibles.
- Participación dentro do equipo de saúde bucodental na realización de técnicas de ortodoncia fixa e removible.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Unidades de hixiene bucodental de atención especializada.
- Gabinetes de hixiene bucodental.
- Clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais j), k), m), n), o), p), q), r), s), t) e u) do ciclo formativo e as competencias f), k), j), l), m), n), o), p), q), r) e t).



As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Selección e preparación do instrumental e dos materiais.
- Aplicación de técnicas de axuda en obtención de próteses fixas e removibles.
- Aplicación de técnicas de axuda en ortodoncia.

1.10. Módulo profesional: Proxecto de hixiene bucodental.

- Equivalencia en créditos ECTS: 5.
- Código: MP0738.
- Duración: 26 horas.

1.10.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

• RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.

– CA1.1. Clasifícanse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.

– CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicáronse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.

– CA1.3. Identifícanse as necesidades máis demandadas ás empresas.

– CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.

– CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.

– CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.

– CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos e as súas condicións de aplicación.





– CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.

– CA1.9. Elaborouse o guiión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.

• RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.

– CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.

– CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.

– CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto e o seu contido.

– CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.

– CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.

– CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.

– CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

– CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.

– CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.

• RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o cal determina o plan de intervención e a documentación asociada.

– CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.

– CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.



- CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
- CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.
